



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 34

Sesión plenaria
17 de decembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG-afgzLoAUT-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 1. Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña (doc. núm. 12209, 12/PVCS-000002)

Punto 2. Texto legislativo

2.1 Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de estatística de Galicia (doc. núm. 11017, 12/PL-000003)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 85f2, do 17.09.2024

Publicación de emendas ao articulado, BOPG nº 108, do 28.10.2024

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 124, do 28.11.2024

Punto 3. Mocións

3.1 15322 (12/MOC-000038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana

Sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 13351, publicada no BOPG núm. 106f2, do 23 de outubro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 3 de decembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

3.2 15326 (12/MOC-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 14234, publicada no BOPG núm. 115f2, do 13 de novembro de 2024, e debatida na sesión plenaria do 3 de decembro de 2024.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 10957 (12/PNP-000903)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en 2025 verbo do bono social eléctrico e do bono social térmico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 19.09.2024



4.2 14661 (12/PNP-001240)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e Abalde Alonso, Julio Ernesto**

Sobre as accións que o Goberno galego debe levar a cabo para avanzar na reversión ao dominio municipal da titularidade dos terreos portuarios sen utilización marítimo-pesqueira
Publicación da iniciativa, BOPG nº 123, do 27.11.2024

4.3 14835 (12/PNP-001253)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Marnotes Fernández, Argimiro e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxectivo de que leve a cabo as obras necesarias para mellorar a seguridade viaria na estrada N-541, especialmente entre Punxín e Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

4.4 14867 (12/PNP-001256)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago**

Sobre as condicións das vivendas dotacionais, ou dos aloxamentos compartidos, que debe ter en conta o Goberno galego nesta solución de emerxencia no contexto actual de dificultade para o acceso á vivenda
Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

4.5 14920 (12/PNP-001261)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de habilitar os procedementos necesarios para as empresas poderen patrocinar a partir do 1 de xaneiro de 2025 actividades turísticas ao abeiro do Xacobeo 2027
Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

4.6 15021 (12/PNP-001274)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre o incremento das contías percibidas polas familias nos programas de acollemento familiar e outras medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto destes programas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

Punto 5. Interpelacións**5.1 2130 (12/INT-000147)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a ampliación dos espazos protexidos dentro da Rede Natura 2000

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024



5.2 3470 (12/INT-000236)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna**

Sobre o modelo de residencias de atención aos maiores seguido polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24f1, do 15.05.2024

5.3 5933 (12/INT-000342)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o modelo asistencial das residencias de maiores en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43f1, do 26.06.2024

5.4 14080 (12/INT-000620)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Suárez Fernández, Iago e dous deputados/as máis**

Sobre as estratexias da Xunta de Galicia para a fixación da mocidade no medio rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f2, do 13.11.2024

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 14987 (12/POPX-000027)****Grupo Parlamentario Mixto****Ojea Bouzo, Armando**

Sobre o tratamento orzamentario da provincia de Ourense previsto para o ano 2025 e para futuros exercicios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

6.2 15419 (12/POPX-000028)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a postura do Goberno galego ante a instalación da planta de celulosa de Altri en Palas de Rei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 13788 (12/POP-002046)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Comesaña, Julio e once deputados/as máis**

Sobre o nivel de compromiso do Goberno central verbo da posta en marcha da liña ferroviaria de alta velocidade entre Galicia e o norte de Portugal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 112f2, do 05.11.2024



7.2 15001 (12/POP-002180)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a intención do Goberno galego no que concirne á creación do Consello da Memoria Democrática de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 127, do 04.12.2024

7.3 11508 (12/POP-001804)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e Fernández González, Ariadna**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia no que atinxe ao reforzamento do cadro docente do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera, de Pontearreas, na área de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.4 13746 (12/POP-002038)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o orzamento que prevé destinar o Goberno galego á prevención e sensibilización en Galicia ante os delitos homófobos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 109, do 30.10.2024

7.5 10843 (12/POP-001715)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ruanova Vilas-Boas, Brais e Fernández Alfonso, Ramón Tomás**

Sobre as medidas que está a desenvolver o Goberno galego para garantir a adxudicación de proxectos e a carga de traballo na industria auxiliar da automoción en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88f1, do 20.09.2024

7.6 11464 (12/POP-001799)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Lorenzo Gómez, Rubén e sete deputados/as máis**

Sobre a información da que dispón a Xunta de Galicia respecto das previsións do Goberno central no que atinxe ás solucións enerxéticas para a fábrica de Alcoa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92f1, do 26.09.2024

7.7 15415 (12/PUP-000063)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria**

Sobre a postura da Xunta de Galicia diante da reapertura da mina de Touro-O Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f1, do 12.12.2024



7.8 15366 (12/PUP-000062)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****López Font, Carlos e dous deputados/as máis**

Sobre o tratamento do Goberno galego á cidade de Vigo na licitación da redacción dos proxectos de interese autonómico dirixidos a facilitar solo para a construción de vivendas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 130f1, do 12.12.2024

7.9 10991 (12/POP-001731)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia**

Sobre a celeridade da Consellería de Sanidade na tramitación das solicitudes de eutanasia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 88f1, do 20.09.2024

7.10 14079 (12/POP-002093)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez López, Noelia e oito deputados/as máis**

Sobre o grao de execución das liñas complementarias de apoio aos autónomos/as

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115f3, do 13.11.2024



SUMARIO

Ábrese a sesión ás tres e dez minutos da tarde.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente anuncia que se vai proceder á elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña para cubrir a vacante producida pola renuncia de dona Ana Fernández Roca e que a elección se fará mediante votación secreta en urna. (Páx. 9.)

A señora secretaria (Vázquez Mourelle) fai o chamamento, por orde alfabética, das deputadas e dos deputados, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os deputados e as deputadas membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa. (Páx. 9.)

Logo do escrutinio, a candidata dona María Montalvo Freire acada a maioría simple, con 39 votos a favor e 35 en branco, e proclámase elixida como membro do Consello Social da Universidade da Coruña. (Páx. 9.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 10.)

Presentación do ditame: Sra. presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Presas Bergantiños). (Páx. 10.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defenderen as emendas mantidas: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 11), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 11.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 14.) e Sra. Sanz Arias (P) (Páx. 18.).

Rolda dos grupos parlamentarios para fixaren posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: (O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.) (Páx. 21), Sra. Iglesias Rey (S) (Páx. 21.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 23.) e Sra. Sanz Arias (P) (Páx. 24.).

Votación de texto lexislativo

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia: rexeitadas por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 26.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia: rexeitadas por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 26.)



Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 26.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Rosana Pérez Fernández, sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Pérez Fernández (BNG).* (Páx. 27.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Pax. 29.), *Sr. Abalde Alonso (S)* (Páx. 30.) e *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 32.).

Nova intervención da señora Pérez Fernández (BNG). (Páx. 35.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey, sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Castro Rey (S).* (Páx. 37.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Pax. 40.), *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 40.) e *Sr. Trenor López (P)* (Páx. 43.).

Nova intervención da señora Castro Rey (S). (Páx. 45.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa Dª Rosana Pérez Fernández, sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Paloma Castro Rey, sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en 2025 verbo do bono social eléctrico e do bono social térmico. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Longueira Castro (S).* (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *(O señor Ojea Bouzo, do G. P. Mixto, renuncia á súa quenda de intervención.)* (Pax. 51.), *Sr. Golpe Acuña (BNG)* (Páx. 51.) e *Sr. Lorenzo Gómez (P)* (Páx. 53.).

Nova intervención da señora Longueira Castro (S). (Páx. 55.)

Suspéndese a sesión ás seis e quince minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás tres e dez minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín do Parlamento*, polo cal non procede a súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña

O señor PRESIDENTE: Entramos no punto primeiro, que é a elección dun membro do Consello Social da Universidade da Coruña. E todo isto é de acordo coa Mesa do Parlamento, que, na reunión do 7 de outubro do ano 2024, tivo coñecemento da vacante, como membro do Consello Social da Universidade da Coruña, de dona Ana Fernández Roca, por renuncia, elixida por esta Cámara na sesión plenaria do 8 de novembro de 2022 por proposta do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

En cumprimento do disposto no artigo 79 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, procede a cobertura da vacante. Posteriormente, a Mesa, o 11 de decembro, logo da audiencia da Xunta de Portavoces, acordou a apertura do prazo para a formalización de propostas de candidaturas. Rematado o prazo, na reunión do 16 de decembro, tivo coñecemento da proposta formulada polo Grupo Parlamentario Popular, que a comunicou aos grupos parlamentarios.

A elección, de conformidade co disposto nos artigos 1.2 e 2 do artigo 91 do Regulamento do Parlamento de Galicia, será secreta mediante papeletas e mediante o chamamento por orde alfabética. A expresión do voto efectuarase introducindo na urna unha papeleta previamente entregada polos Servizos da Cámara, en que conste o nome da candidata proposta —aquí xa está, creo, [...] por unha cruz—, marcando cunha aspa o recadro. Considérase voto en branco, se non se marcasse ningún recadro, e considérase voto nulo cando se escribisen os nomes doutras persoas ou outros sinais. Efectuado o escrutinio, proclamarase elixida a candidata, se obtén a maioría simple.

Penso que xa están repartindo as papeletas das votacións.

E, entón, a secretaria procederá, por orde alfabética, a convocar os señores deputados e deputadas para efectuar a votación.

(A señora secretaria, Vázquez Mourelle, fai o chamamento, por orde alfabética, dos deputados e das deputadas, que depositan o seu voto na urna; a seguir fano os membros do Goberno e finalmente os membros da Mesa.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

¿Votaron todos os deputados e as deputadas? *(Asentimento.)*

Si, pois imos ao escrutinio.



(*Procédese a realizar o escrutinio.*) (Pausa.)

O señor PRESIDENTE: O resultado é o seguinte: votos a favor de dona María Montalvo Freire, 39; votos en branco, 35.

Polo tanto, acadada a maioría simple, queda proclamada membro do Consello Social da Universidade da Coruña dona María Montalvo Freire.

E sen máis, continuamos coa orde do día, é dicir, co texto lexislativo.

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do Ditame, ten a palabra a presidenta da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Presas Bergantiños): Procedo a presentar o Ditame sobre o Proxecto de lei da estatística de Galiza.

O Proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 12 de setembro de 2024. A Mesa do Parlamento, na súa reunión do 19 de setembro de 2024, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galiza* e a apertura do prazo de presentación de emendas. Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios non presentaron emendas á totalidade. Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 5 emendas, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego 19 emendas e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia 9 emendas, que foron cualificadas o 28 de outubro de 2024.

A Comisión 3ª, na reunión do día 29 de outubro de 2024, designou as e os seguintes ponentes: por parte do Grupo Parlamentario dos Populares, dona Cristina Sanz Arias como titular e don Manuel Santos Costa como suplente; por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños titular e don Brais Ruanova Vilas-Boas suplente; e, por parte dos Socialistas de Galicia, dona Patricia Iglesias Rey titular e María Elena Espinosa Mangana suplente.

A ponencia, reunida o 11 de novembro de 2024, estudou o texto articulado do proxecto xunto coas emendas presentadas e rematou un informe que contén as recomendacións que lle fixo a Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Recomendouse tamén a aprobación das emendas 4, 7 e 16 do Grupo Parlamentario do BNG e a número 7 do socialistas. A ponencia propuxo tamén a aprobación de 5 emendas transaccionais elaboradas con 5 emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Na-



cionalista Galego e de dúas transaccionais elaboradas con tres emendas do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

O texto do ditame, que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria, consta dunha exposición de motivos seguida de corenta artigos, seis disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras. O articulado consta dun título preliminar e catro títulos: o título I é o referido á gobernación estatística; o título II regula a produción estatística; o título III é o relativo ao segredo estatístico; e o título IV regula o réxime sancionador. Prevese que a lei entre en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galiza*.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas.

¿O Grupo Parlamentario Mixto? (*O señor Ojea Bouzo renuncia á súa quenda de intervención.*) Declina.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidente.

A estatística pública é unha actividade estreitamente vencellada ao funcionamento das institucións democráticas. Permiten os datos estatísticos facer unha boa radiografía dos diferentes estados das políticas públicas. Non se trata só de gobernar con soporte informativo sólido e veraz, senón que este ten que xerarse de acordo cuns patróns científicos e transmitirse con obxectividade e de xeito imparcial. As estatísticas oficiais constitúen un elemento indispensable no sistema de información dunha sociedade democrática e deberían proporcionar ao Goberno galego, á economía e ao público datos acerca da situación económica, demográfica, social e ambiental. Datos estatísticos que se convierten en imprescindibles, na opinión dos socialistas de Galicia, nun mundo no que hai verdadeiros activistas da mentira, dos bulos e do odio dispostos a partir en dous as sociedades para impoñer a súa axenda de dereitos regresiva.

A desinformación é un elemento con magnitude suficiente para desestabilizar unha sociedade que debería comezar de forma crítica a preguntarse se será verdade tanta mentira. Eu estou convencida de que os galegos e as galegas tamén están fartos desa polarización e da utilización do relato fronte aos datos.

Nesta sociedade de desinformación adquire aínda máis importancia a ciencia da estatística pública. Actualmente, hai informacións estatísticas que confirman que os bulos favorecen a ideoloxía da dereita e da extrema dereita. É evidente que a proliferación das *fake news* supura ideoloxía, porque se utilizan como un medio útil para conseguir o poder ou ben manterse no poder, a base de afirmacións cheas de demagogia, de hipérboles e de pouca rigorosidade que non gardan relación cos feitos. Hai negacionismo do cambio climático, hai negacionismo



da violencia de xénero e trátase, ademais, de impoñer o discurso da xenofobia e do racismo. O derradeiro exemplo tivémolo coa destrutiva dina que afectou a Comunidade Autónoma valenciana ou a Castela a Mancha tamén —especialmente, a provincia valenciana foi a máis afectada— onde os bulos e a desinformación acerca da xestión da catástrofe, así como as inexactitudes acerca das cifras de mortos e desaparecidos, foron recorrentes. As redes sociais convertéronse no caldo de cultivo perfecto para propagar información falsa, nunha gran maioría de ocasións proveniente de simpatizantes de extrema dereita.

En Galicia e no Parlamento galego tamén precisamos saír do ruído continuo, desa polarización, como xa pasou, na miña opinión, na comisión de investigación constituída para depurar responsabilidades políticas polas irregularidades detectadas na contratación pública do Goberno galego. Comisión de investigación que o grupo do PPdeG converteu nun paripé e boicoteou dende o comezo ata case o fin —que seguramente teña moita présa para que remate—, para evitar precisamente coñecer a realidade do que acontecera con determinados expedientes de contratación nos que hai indicios certos de irregularidades. E o informe do Consello de Contas pon negro sobre branco ese exceso de 470 millóns de euros máis que custou o hospital por acudir a unha forma de colaboración público-privada. Experimentos que se fixeron coa sanidade pública. Evidentemente, tamén hai indicios de certas adxudicacións millonarias a empresas —certos evidenciabes e constatables— con vínculos familiares e persoais co presidente da Xunta de Galicia durante trece anos e con outros cargos do Goberno galego e do PPdeG.

Esta situación non a podemos converter en normal no século XXI. Debe ter como máxima o Goberno galego ser transparente e íntegro e apostar por políticas proactivas en aras a conseguir ese bo goberno. É un feito que nós, os socialistas, loitaremos nesta lexislatura por una política galega máis honesta, máis transparente, máis íntegra, que non se alimente de bulos e pseudoverdades, ben aderezados por anuncios propagandísticos do Goberno galego, que agora pretende controlar aínda máis, se cabe, coa modificación da lei audiovisual da compañía Radio Televisión de Galicia.

Deste xeito, o sistema estatístico público, exercido en Galicia polo IGE, debe permitir ás persoas con responsabilidades políticas atinaren nas súas decisións e á cidadanía exercer plenamente os seus dereitos. Ademais, no presente, con técnicas de *big data* poden axudar a modernizar esa toma de decisións e a xerar e achegar valor á nosa sociedade galega.

Por iso, evidentemente, desde a Unión Europea estanse a impulsar distintas iniciativas lexislativas orientadas a converternos nun modelo de referencia dos datos como sociedade empoderada para tomar mellores decisións; reutilización e interoperabilidade dos datos, tanto no ámbito empresarial como no público, señor Corgos.

Aproveito tamén para dicirle que os datos reutilizables que figuran no Portal de transparencia e tamén no Portal de contratos do sector público non son reutilizables; non hai interoperabilidade, non hai unha aposta polo *open data* que permitiría empoderar esa transparencia á sociedade galega. A ver se se amosa ese compromiso por parte do Goberno galego. A Lei de transparencia do 2016 foi un paso. Agora hai que dar un paso decidido máis pola integridade, polo *open data* e pola reutilización e interoperabilidade para empoderar a sociedade galega.



Porque é onde debe residir, é a destinataria deses datos; non é o Goberno galego quen ten que patrimonializar esa información, moitas veces escura, evidentemente, que non se pode reutilizar e non aposta por esa transparencia material e formal na contratación pública. Por exemplo, onde hai falta de coherencia entre o Rexistro de contratos do sector público, a plataforma e o Portal de Transparencia. Non coinciden os datos, señor conselleiro. Iso é así.

Facendo un breve repaso, desta maneira a Comisión de Estatística de Nacións Unidas incidiu no 1994 nos denominados principios fundamentais da estatística. Por tanto, a estatística pública ostenta o máximo recoñecemento a nivel mundial como un elemento clave e fundamental para o apoio ao proceso de toma de decisións políticas e públicas. É un ben público que tradicionalmente se nutre de datos proporcionados por persoas físicas e xurídicas residentes no noso país, así como polos datos obrantes en rexistros administrativos.

Neste eido, a Comisión Europea iniciou un camiño lexislativo destinado a aproveitar tales oportunidades no 2004, cara a unha economía de datos próspera. Propuxo un plan de acción coordinado no 2018, coa comunicación cara a un espazo común europeo de datos. Propuxo un paquete de medidas como paso clave nun espazo dixital sen fisuras. Como resultado, promulgouse a Directiva de datos abertos, esa reutilización da información no sector público, que entrou en vigor en xullo de 2019, proporcionando o marco legal común para un mercado europeo de datos en poder do Goberno.

No 2020, houbo un paso na Estratexia de Datos Europea coa irrupción do Libro branco sobre intelixencia artificial. Na estratexia da Comisión recóllense dez medidas para os próximos cinco anos, dirixidas a apoiar ou promover o desenvolvemento da IA en toda Europa; que temos, ademais, aquí o máximo expoñente na Coruña, coa AESIA, como un logro para todos os galegos e as galegas, que vai desenvolver un papel clave, cremos os socialistas de Galicia, como a axencia de supervisión e boas prácticas en materia de intelixencia artificial.

Estas medidas pivotan sobre catro áreas de acción que se trasladan, é certo, no Proxecto de lei de estatística de Galicia: un marco de gobernanza pública, catalizadores en forma de investimento de datos e reforzo de capacidades e infraestruturas para almacenar, tratar e utilizar eses datos e fomentar esa interoperabilidade tan necesaria e competencias para empoderar a sociedade, os galegos e as galegas, e investir en cualificacións profesionais.

Respecto ao Proxecto de lei de estatística, as socialistas de Galicia presentamos nove emendas parciais das que foi aceptada a emenda sétima e tres foron transaccionadas. Esta lei certo é que é un exemplo excepcional de acordos co Grupo do Partido Popular. Que ao mellor é un aguinaldo para o seguinte período de sesións, neste espírito de Nadal que nos está a invadir a todos, pese a que o grupo do PPdeG non está a potenciar chegar a acordos para avanzar. En definitiva, o que queren os galegos e as galegas é que sexamos útiles e que fagamos política maiúscula. Señor Corgos, non sei que cara pon.

Falarei dos principais aspectos do Proxecto de lei de estatística. A actualización do sistema estatístico de Galicia, buscando reforzar a coordinación entre organismos e entidades que producen estatísticas oficiais, onde aquí terán un papel moi protagonista as universidades públicas galegas.



Fomento de innovación. Inclúense medidas para proverse de novas tecnoloxías e metodoloxías na recolección e análise de datos. Aquí deberá terse en conta tamén a calidade dos datos recollidos por esas novas fontes de información —redes sociais, sensores...— cos posibles nesgos que todos coñecemos —como dicía ao principio— nesta sociedade da desinformación na que vivimos.

Protección de datos. Refórzanse tamén no Proxecto as garantías de confidencialidade e seguridade no tratamento da información estatística pública; colaboración interadministrativa con mecanismos para mellorar a cooperación con outras administracións e organismos estatísticos a nivel estatal e europeo. Calidade e rigor metodolóxico, fundamental no papel do IGE. Introdúcense novos estándares e procedementos para garantir a calidade da estatística oficial.

Accesibilidade e transparencia. Promóvese unha maior difusión e accesibilidade aos datos estatísticos para a cidadanía e tamén para os investigadores e investigadoras.

Planificación estratéxica, establecendo un novo marco no Proxecto de lei para a elaboración e seguimento dos plans estatísticos de Galicia.

Formación e capacitación. Medidas para fomentar a formación continua do persoal estatístico e a promoción da cultura estatística na sociedade galega. E aquí, de novo, as universidades públicas tamén figuran como prioritarias para esa información continua dos responsables da institución, como o IGE, onde as futuras microcredenciais poderían ser unha excelente ferramenta desta actuación.

Remato xa. No seguinte turno de réplica pronunciareime sobre e respecto ao Ditame.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde.

Señor Corgos, debeu enfadar alguén na tramitación dos orzamentos, porque hoxe non o deixan nin ir xantar; xuntáronlle todo.

En fin, brincadeiras á parte, neste 2024 que remata cumpriuse o sesenta aniversario dun dos personaxes máis queridos, mais publicados e máis lidos e traducidos da historia do mundo, o de Mafalda. E unha das viñetas máis populares deste personaxe que nos deixou o gran Quino é aquela que di: «¡Que urxente! Non deixa tempo para o importante». E hoxe que tramitamos esta futura lei de estatística no medio de todo o debate orzamentario, no medio tamén dun pleno intenso e cheo de urxencias, creo que é necesario recordar iso do importante e do urxente. Porque tramitar esta lei no medio deste debate sería levarnos ao engano de que é algo que non é importante. Pode que a actualización do marco lexislativo



respecto da estatística galega non fose unha cuestión urxente, en boa parte porque funciona —e funciona ben— a estatística galega, e habitualmente dedicamos máis tempo e máis esforzo a aquilo que non funciona ou a aquilo que aínda temos que crear. Pero, en todo caso, si que é algo importante e queremos comezar recoñecendo esa importancia; non tanto polo propio texto lexislativo en si e o que supón, senón pola propia importancia da actividade estatística.

Porque falarmos de estatística é falar de dous piares fundamentais para a sociedade e dous piares fundamentais, ademais, para a sociedade avanzada que aspiramos a fortalecer desde o BNG: é falar de democracia e é falar de autogoberno. É falar de democracia porque non hai democracia sen coñecemento, e a construción e a salvagarda da estatística pública é clave para a saúde democrática. E insisto no apelido de «pública», especialmente importante nun contexto como o contexto actual no que, como xa se avanzaba aquí, o cuestionamento dos sistemas públicos e a proliferación de bulos, de desinformación e de noticias falsas son unha realidade cada vez máis crecente e unha ameaza seria para o exercicio dos dereitos democráticos. Polo tanto, falar do papel público á hora de blindar, de defender e de garantir unha ciencia que traballa na obtención, na ordenación, na sistematización e na análise de conxuntos de datos, co fin de obter información e mesmo incluso predicións e explicacións sobre distintas realidades, é de moita importancia.

Falamos, ademais, de coñecer a nosa realidade máis próxima; é dicir, a realidade galega, a realidade das nosas necesidades, con base tamén nas nosas diferenzas. Porque unha estatística pensada unicamente por e desde Madrid tería como consecuencia o que vemos noutros ámbitos: a invisibilización ou a negación da nosa identidade e da nosa realidade. É importante tamén a estatística, polo tanto, como fonte de coñecemento; importante para a cidadanía, para a veciñanza e importante tamén para aqueles gobernos e institucións que teñen que tomar decisións todos os días e que tomalas con base nese coñecemento vai garantir sempre maior porcentaxe de acerto.

E insisto na importancia de facelo desde o sistema público, con obxectividade e sen deberse a máis intereses que o propio país. E precisamente na actualidade —que acabamos de ver coa catástrofe da dina valenciana o cuestionamento, sen ningún tipo de pudor, da ciencia e do público por parte da dereita, cuestionando a Axencia Estatal de Meteoroloxía e afondando no negacionismo climático— é especialmente importante poñer o acento na necesidade de fortalecer este tipo de instrumentos públicos e baseados na ciencia e no coñecemento, fronte aos bulos e á desinformación, como ferramentas para garantir a saúde democrática.

E insistimos tamén desde o BNG en que falar de estatística é falar tamén de autogoberno, porque é un dos elementos que este país foi construíndo por si mesmo. Xa o Estatuto de 1936, que foi interrompido polo Golpe de Estado e a posterior Ditadura, recollía na letra n) do artigo 14 do título III de atribucións os servizos de estatística. Hai case cen anos os homes e mulleres xenerosos que articularon ese primeiro antecedente do noso Estatuto pensaron na estatística como un ámbito estratéxico para a Galiza do futuro, e acertaron ao facelo. E, aínda que o Estatuto vixente teña moitas carencias en materia de autogoberno e deixase atrás moitas cuestións importantes coas que o noso país tería sido diferente, como unha facenda galega, o certo é que cando menos recolleu o ámbito estatístico, entre outras das cues-



tións que recolle o Estatuto vixente. Así, no seu artigo 27 a autonomía atribúe á Comunidade a competencia exclusiva tanto da organización das súas institucións de autogoberno como a estatística para os fins da comunidade. Así, hai 35 anos este Parlamento aprobaba a súa primeira lei estatística, que hoxe imos proceder a reformar.

Desde entón, é evidente que mudaron moitas cousas no mundo. Mudou a tecnoloxía e había necesidades enriba da mesa das que nós mesmas xa advertiamos desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego durante o debate do último Plan estratéxico sexto aprobado neste Parlamento galego. No 2021 insistiamos en que había moitas cuestións que estaban quedando atrás. Polo tanto, agradecemos que por fin esta renovación do marco lexislativo formara parte da axenda do Goberno.

Tamén teño que dicirle, señor Corgos, que é un alivio ver que hai algún ámbito que a dereita non quere privatizar neste país, porque podían facer vostedes co IGE como fan con outros subterfuxios, como por exemplo deslocalizar parte da tramitación ambiental, como están intentando facer a Tragsa, ou como por exemplo no ámbito da igualdade e dos servizos sociais, regalando cada vez máis servizos a empresas como Eulen. Algo tiña que salvarse; parece que vai ser o Instituto Galego de Estatística.

E temos que dicir que —nun contexto no que estamos preocupados e preocupadas porque o Partido Popular está botado ao monte respecto aos organismos de autogoberno deste país, que cando non cuestiona un informe do Consello de Contas cuestiona ao día seguinte un informe ou a propia actividade do Consello da Cultura Galega, por exemplo, respecto aos últimos informes sobre Altri ou sobre a enerxía eólica—, cando menos parece que tamén o Instituto Galego de Estatística non vai correr a mesma sorte de baleirado que viviron outros organismos importantes para o noso autogoberno como o Consello Económico e Social, que cada vez máis vostedes articulan outros foros para debater o que se debe debater alí. En todo caso, parece que se vai salvando minimamente o Instituto Galego de Estatística; non sempre, porque hai algunhas estatísticas que tampouco lles gustan. A da lingua galega, a última, tamén era cuestionada non hai moito. En todo caso, alegrámonos de que a vía escollida para o IGE sexa a de seguir fortalecendo este instrumento e non caer noutro tipo de tentacións.

Como digo, a nosa vontade neste proceso foi a de contribuír positivamente a esa construción do autogoberno; contribuír positivamente a ese fortalecemento do Instituto Galego de Estatística, que pode parecer algo que non é urxente, pero que sen dúbida vai ser importante para o futuro deste país. Por iso non presentamos unha emenda de devolución. Aceptamos o punto de partida que propuña o Goberno, que non me cabe dúbida de que houbo un papel importante tamén do propio Consello Galego de Estatística e do propio Instituto Galego de Estatística, que queremos agradecer o seu esforzo.

Presentamos 19 emendas parciais a este articulado, das que tres foron aceptadas na súa literalidade e cinco transaccionadas. Nas emendas aceptadas garantimos, grazas á súa presentación, que, por exemplo, non se vaia cuestionar a necesidade de elaborar unha estatística ou non en función do seu custo económico, senón pola súa relevancia para o país. Garantimos tamén que este Parlamento, se o solicita, teña a comparecencia do seu máximo ou da súa máxima responsable para dar conta dos seus informes. E tamén nas emendas transac-



cionadas incorporamos cuestións que tamén nos parecen importantes: melloramos a claridade do texto e das definicións; engadimos o principio de proporcionalidade, que o propio Consello Económico e Social suxería; incorporamos o seguimento dos criterios de calidade á hora de elaborar os informes de seguimento, para que non queden en saco roto; e procuramos a compatibilidade con outras estatísticas da nosa contorna.

Tamén nos parece importante a aceptación, vía transacción, dunha parte das emendas nas que recollemos o equilibrio de xénero nos organismos estatísticos. Unha suxestión que facía a extinta Secretaría Xeral de Igualdade, que, sorprendentemente, no proxecto definitivo vostedes non recollían, pero con todo teríanos gustado que neste aspecto do equilibrio de xénero houbera máis ambición.

Precisamente eu quería deixar aquí unha reflexión final sobre que a propia estatística é un ámbito tremendamente masculinizado, que historicamente invisibilizou moitos sectores da nosa sociedade, tamén as nosas mulleres. Polo tanto, é preciso que esa vontade de aplicar o principio de equilibrio de xénero e a perspectiva de xénero na lexislación non acabe quedando no articulado e chegue á actividade cotiá. Creo recordar que son importantes xa os estudos desde a socioloxía que abordan como os macrodatos, a intelixencia artificial, a tecnoloxía e, polo tanto, tamén a estatística copian os nesgos e estereotipos que se atopan na sociedade. Obras como *Feminismo de Datos*, de Catherine D'Ignazio e Lauren Klein, ou *Mulleres Invisibles*, de Caroline Criado, abordan como os estereotipos seguen nesgando o que se mide, conta e amosa nas estatísticas. Sen ir máis lonxe, o penúltimo informe da Rede Galega contra a Pobreza advertía de que os propios nesgos estatísticos impedían ver a foto enteira, a foto completa, por lagoas estatísticas, da propia feminización da pobreza. Queda, polo tanto, aí un enorme reto e moito por avanzar.

Precisamente isto danme pé a poñer en valor, para rematar, tres cuestións que para nós eran importantes, que incorporamos nas nosas emendas e que lamentablemente o grupo maioritario non acepta.

A primeira é que, da mesma maneira que nesta lei se recolle a creación do rexistro de po-boación, se recolla algo que o Partido Popular xa prometeu no ano 2010, que incorporou despois hai tres anos na Lei de impulso demográfico e que segue sen facer, que é o rexistro de familias galegas monoparentais. E, máis aínda, nós propoñemos que a monoparentalidade se estude e se observe, porque cos indicadores que temos aí hai unha necesidade de visibilización e de coñecemento.

A segunda, propoñemos novamente a elaboración periódica da conta satélite de produción doméstica para a valoración do traballo doméstico, de coidados e comunitario. É dicir, desenvolver o artigo 28 da Lei de igualdade, que xa estaba na anterior lei de igualdade e é unha cuestión que tamén temos demandado sucesivamente no propio Consello Galego de Estatística. De nada nos vale ter unha conta satélite da produción doméstica de hai dez anos, practicamente, do 2013, impulsada durante o fatídico Goberno bipartito que tanto mal fixo a este país e que levamos case dez anos con sucesivas crises económicas —que somos conscientes todos e todas que afectan máis as mulleres— e que non midamos empregando o noso autogoberno cal é o valor económico desa achega invisible do traballo de coidados. É



certo que as estatísticas europeas ían con desfase temporal, pero nós o que dicimos —sen prexuízo da compatibilidade, que é necesaria e que nós mesmas incorporamos nas nosas emendas— é que será necesario empregar ese autogoberno para ir avanzando posicións e non deixar un tempo tan grande sen estudar. Porque cando teñamos os datos da que está en marcha, xa terá pasado moito tempo.

E a terceira —e con isto remato— é comprometer a elaboración periódica dunha macroenquisa galega sobre violencia machista. A última vez que se fixo unha de ámbito galego foi mediante recursos privados no 2020 e nin sequera —a desidia da Xunta é tal— temos os datos completos dispoñibles na rede para poder consultalos. Valeu practicamente para unha rolda de prensa da conselleira daquel momento e pouco máis. E iso é profundamente científico e profundamente irresponsable porque, no día de hoxe, levamos avanzado na estatística sobre a violencia de xénero en termos abstractos, en termos cuantitativos; non sen unha gran loita do feminismo para facelo así, hai uns anos nin sequera se computaban as vítimas fóra das relacións de parella. Pero en todo caso temos moito por facer tamén do punto de vista cualitativo. E temos, ademais, algo valiosísimo e que é unha experiencia de moitísimos anos, que é un tecido universitario tamén disposto a colaborar e tamén numerosos organismos de asesoramento, no estatístico pero tamén no ámbito do coñecemento da violencia machista. Polo tanto, seguimos insistindo en que esta debería ser unha prioridade tamén para a colaboración entre a Xunta e o Instituto Galego de Estatística. É máis, eu estou convencida de que isto é algo que tarde ou cedo se acabará facendo desde Galicia e se acabará recoñecendo como unha iniciativa positiva. Polo tanto, insistiremos, a partir da tramitación desta lei, tamén en iniciativas específicas neste sentido, porque hai capacidade para facelo e sería posible facelo e facelo moi ben.

En conclusión, diría que si, este é un proxecto necesario. Si que hai un grao importante de consenso sobre como ten que ser o funcionamento da estatística no noso país. Pero, lamentablemente, como é habitual, seguimos botando de menos un pouco máis de ambición por parte do Goberno galego para recoller algunha destas propostas que eu relataba no final e que nos colocarían, unha vez máis, á vangarda en moitos ámbitos. Polo tanto, lamentamos que a xenerosidade, que foi importante e que quero tamén agradecer, non foi tan intensa como podería ser nunha lei deste tipo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra dona Cristina Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Moitas grazas, presidenta.

Eu tamén vou comezar, como a miña compañeira Noa Presas, cunha cita. Decía o profesor estatístico William Deming que «sen datos, só es outra persoa cunha opinión». Con esta afirmación pretendía subliñar a importancia dos datos para tomar decisións fundamentadas, máis aló das percepcións ou das suposicións. Aplicable á política, pero tamén, e sobre todo, aplicable á vida mesma.



Señorías, debatemos hoxe o proxecto de lei de estatística de Galicia co que se pretende actualizar a normativa vixente nesta materia, que data do ano 1988. Toca hoxe falar de estatística, de estatística pública, de estatística pública galega. E non é habitual que esta sexa unha materia de debate parlamentario en si mesma, a pesar de que todas as nosas iniciativas, proposicións, propostas —en definitiva, todo o noso traballo como parlamentarios— se basea en información estatística.

Por ese motivo gustárame que o breve tempo que esta tarde lle dedicamos a esta ciencia nos sirva para reflexionar sobre a importancia da actividade estatística pública e tamén sobre a súa vinculación coa democracia; feitos que as compañeiras que me precederon no uso da palabra xa puxeron en valor. Algo perfectamente recollido tamén na exposición de motivos deste proxecto de lei, que di así: «A estatística pública é unha actividade estreitamente vencellada á democracia. Non se trata só de gobernar cun sólidos soporte informativo, senón que este debe xerarse con padróns científicos e debe transmitirse con obxectividade e de xeito imparcial». Continua sinalando a exposición de motivos que «O sistema estatístico público debe permitir ás persoas con responsabilidades atinaren nas súas decisións e á cidadanía exercer plenamente os seus dereitos». Os seus dereitos de control sobre os gobernos.

Esta necesidade de contar cun sistema estatístico de calidade, como sen dúbida é o galego, faise máis imperiosa na actualidade, na era da información. Hoxe en día estamos máis conectados que nunca, pero tamén máis expostos á desinformación. Os bulos e as *fake news* propáganse rapidamente, alimentados pola inmediatez das redes sociais e o nesgo de confirmación, que leva as persoas a compartir información acorde coas súas crenzas sen verificar a súa veracidade.

Neste contexto, os datos estatísticos contrastados e accesibles, obtidos grazas a instrumentos como este proxecto de lei que en breve imos aprobar, son unha ferramenta crucial para combater a desinformación. Necesitamos un sistema estatístico público sólido, que ofrezca datos oficiais e así loitar con veracidade fronte á especulación, decidir a partir do rigor científico e a transparencia e fomentar o pensamento crítico.

Se mo permiten, antes de entrar a valorar este proxecto de lei vou facer un breve repaso á construción do sistema estatístico de Galicia. Os redactores do Estatuto de Autonomía tiveron claro xa hai máis de corenta anos que a información que se nos facilitaba dende o Goberno central non ía ser suficiente para exercer un bo autogoberno e, moi acertadamente, incluíron no artigo 27.6 a competencia exclusiva das estatísticas de interese galego. Colocábase así a primeira pedra dun sistema estatístico propio, o galego, que se consolidaba coa aprobación da Lei galega de estatística e coa creación do Instituto Galego de Estatística. Pasaron xa 35 anos desde que se aprobou esa primeira lei. Naquel momento, ano 1988, o Estado e cada comunidade autónoma seguían na procura de dotarse de instrumentos normativos para cumprir cos mandatos constitucional e estatutario. En Galicia, o reto era deseñar un sistema estatístico propio, pero compatible coa superposición de intereses que implicaba a competencia exclusiva de Galicia e do Estado na materia.

Non se perdeu o tempo e xa no ano 1988 o Goberno galego impulsou un proxecto de lei que foi aprobado neste Parlamento mesmo antes de que entrase en vigor a normativa estatal,



en tempos máis ou menos simultáneos, xa cando se aprobou a lei catalá ou a lei vasca. A permanencia no tempo desta lei —aínda vixente desde hai 35 anos— amosa a súa fortaleza, pois só sufriu tres modificacións puntuais e foi quen de soportar seis plans estatísticos, o primeiro no ano 1998 e o último, que é o hoxe vixente, para o período 2022–2026.

Así mesmo, a aprobación en sede parlamentaria do primeiro plan estatístico no ano 1998 foi outro fito importante na construción do noso sistema estatístico. Este feito supuxo un salto cualitativo, pois, desde entón, as decisións en materia de estatística non dependen só do impulso político do Goberno, senón dunha norma con rango de lei aprobada polos representantes dos cidadáns, aprobada por este Parlamento.

Outro fito destacable foi a constitución, no ano 1995, do Consello Galego de Estatística como foro institucional que canaliza a participación dos axentes sociais e no que tamén estamos representados os grupos parlamentarios, grazas a unha iniciativa do Partido Popular. Ou a designación posterior das unidades e estatísticas das consellerías, que completan a oferta de datos do IGE a través, sobre todo, da explotación dos seus rexistros administrativos.

Temos, pois, un sistema estatístico galego organizado en tres piares coa misión de executar as decisións que emanan dos poderes públicos. Plans estatísticos aprobados neste Parlamento e programas anuais aprobados por decreto.

Desde os primeiros tempos a actividade estatística pública galega estivo sometida aos principios de interese público, obxectividade, corrección técnica, confidencialidade e publicidade obrigatoria dos resultados. Estes principios foron reforzados pola adopción do código de boas prácticas das estatísticas europeas, que á súa vez incorporou outros como a economía de recursos, aproveitamento das fontes existentes, precisión, coherencia, accesibilidade e transparencia. Tamén foron relevantes as relacións mantidas cos sistemas estatísticos da nosa contorna, como os doutras comunidades autónomas, o INE, moi importante coas universidades galegas —xa mencionadas polas miñas compañeiras— ou incluso co sistema estatístico portugués.

Xa para rematar este breve repaso, gustaríame facer memoria sobre o firme apoio que institucións como o IGE tiveron sempre do Grupo Parlamentario Popular, especialmente en momentos delicados da súa traxectoria: por unha banda, cando tras a publicación do informe para a reforma das administracións públicas, coñecido como o Informe Cora, se cuestionou dalgún xeito a necesidade de descentralizar a información estatística; ou, por outra banda, durante os procesos de racionalización do sector público autonómico. O Grupo Popular non aceptou ningunha medida que afectase ou recortase as institucións de autogoberno da nosa comunidade. É máis, por ese obxectivo, desde o Grupo Popular defendemos a necesidade de manter e consolidar institucións como MeteoGalicia, o Valedor do Pobo, o Consello de Contas, o Consello Consultivo e, por suposto, a continuidade e a independencia do Instituto Galego de Estatística.

Durante este período a estatística oficial foi crescendo, mellorando e ampliando as informacións demográfica, social, cultural, económica ou ambiental de Galicia. Foi unha etapa de grandes cambios nos xeitos de facer, de medir a realidade e de difundir os resultados das estatísticas.



Todo iso ao abeiro da Lei 9/1988. Sen embargo, os 35 anos transcorridos desde a súa aprobación aconsellan adaptala, tendo en conta, primeiro, a chegada de nova normativa; segundo, o desenvolvemento de nova tecnoloxía; e, terceiro, a multiplicación das fontes de datos.

Chegamos, pois, ao día de hoxe, no que debatemos un novo marco legal. Un proxecto de lei sobre o que me comprace dicir que temos acadado un alto grao de consenso entre os grupos e que, tal e como vimos no traballo de ponencia, así como o pasado martes en comisión e mesmo hoxe, todos compartimos a necesidade de actualizar o texto e tamén compartimos —penso— a idoneidade do seu contido.

¿Cales son os puntos máis salientables da nova lei? Aproveitando a experiencia dos seis plans estatísticos anteriores, este texto legal ten varios obxectivos. Primeiro, adaptarse á normativa actual sobre a materia e adaptarse ao desenvolvemento da tecnoloxía. Segundo, reforzar e garantir o acceso do IGE ás fontes administrativas para explotar e enlazar rexistros. A nova lei recolle a información administrativa como un recurso estratéxico para integrala en bases de datos de estatísticas que multipliquen a información, xeren indicadores máis rápidos e permitan superar as delimitación xeográficas tradicionais. Terceiro, conectar o sistema estatístico á planificación económica e á avaliación de políticas públicas. Cuarto, asumir expresamente o Cadro común europeo co código de conduta das estatísticas europeas como pedra angular. Quinto, ampliar a representación e as funcións do Consello Galego de Estatística. Sexto, asumir expresamente as perspectivas de xénero e idade. Sétimo, regular a obriga de colaboración estendida ás persoas físicas e xurídicas que vivan en Galicia ou que exerzan aquí a súa actividade. Oitavo, facilitar a investigación científica e facilitar o acceso dos investigadores aos datos protexidos polo segredo estatístico baixo protocolos de confidencialidade. Noveno, reforzar a peza na que se basea a confianza na estatística pública, que é o segredo estatístico, tanto dos informadores como dos usuarios. E décimo, reforzar a independencia profesional da organización estatística.

En definitiva, señorías, apostar por unha estatística galega comprometida e de calidade. Unha estatística galega que nos ofrezca datos contrastados como piar fundamental dunha sociedade máis informada e crítica. Unha estatística que protexa e fortaleza a nosa sociedade e a nosa democracia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coa rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas mantidas e os votos particulares defendidos polos demais grupos.

O señor Ojea renuncia ao seu turno de palabra.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Iglesias.

A señora IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.



Respecto ao Ditame, quero adiantar que amosamos o noso voto a favor das emendas parciais presentadas polo BNG e quero adiantar tamén o noso voto a favor, neste pleno, do Ditame do Proxecto de lei de estatística.

Moi brevemente, para os efectos de síntese, vou remarcar tres ideas forza do Proxecto de lei de estatística. A primeira é a relevancia, como dicía ao principio, da estatística pública para coadxuvar a toma de decisións políticas; é fundamental. Na última década fomos testemuñas do rápido crecemento da capacidade para explotar numerosos datos recentes coas recentes tecnoloxías de información, o impacto da *big data* na estatística e a investigación operativa para recompilar e procesar eses datos e para apoiar os seus procesos de toma de decisións. O uso destes datos resulta moi relevante para dispoñer dunha maior e mellor información sobre a sociedade por parte das administracións públicas e por parte, neste caso, do Goberno galego. Redundará o seu uso nunha mellora dos procesos de toma de decisións e, en definitiva, nun mellor servizo á cidadanía, aos galegos e ás galegas.

É relevante incidir en que «sen verdade non existe confianza». Non son palabras miñas, senón que son palabras da Premio Nobel da Paz en 2021, Maria Ressa, que foi galardoada pola loita pola liberdade de expresión e, sobre todo, a súa loita contra os bulos vertidos en redes sociais. Esa desafección cidadá vai en aumento na era de desinformación e das *fake news*, que todos os aquí presentes deberíamos loitar contra eles.

Os datos estatísticos públicos convértense en imprescindibles nun mundo no que hai verdadeiros activistas —como dicía ao principio— da mentira, dos bulos e do odio, dispostos a partir en dous as sociedades para impoñer a súa axenda de dereitos represiva. Hai tamén negacionismo do cambio climático na dereita, na extrema dereita, e negacionismo da violencia de xénero. Impúlsase tamén o discurso da xenofobia e do racismo.

Europa aposta polo empoderamento da cidadanía no uso dos datos. O sistema estatístico europeo, en liña coas principais organizacións internacionais, entende que os datos deben ser accesibles e deben ser utilizados polos produtores de estatísticas oficiais en beneficio de cada un dos estados membros, en todos os sectores, e en beneficio da cidadanía e da economía. Tanto as iniciativas a nivel europeo mencionadas como as de desenvolvemento a nivel nacional teñen que ver cos datos, tanto os creados no ámbito do sector público como no privado, e teñen moito impacto directo sobre a produción de estatísticas oficiais. A evidencia do devandito impacto demanda unha participación significativa dos servizos estatísticos en todas as súas fases, do ciclo de elaboración e o desenvolvemento de ditas políticas públicas.

Coincidimos, como apuntaban as miñas compañeiras do BNG e do PPdeG, na importancia de elaborar esta nova lei de estatística que se adapte ás novas realidades e a esa nova lexislación europea. A lei, como se dicía, data do ano 1988, e o Proxecto de lei de estatística, como se indica, presenta esa visión estatística pública que busca equilibrar esa colaboración interinstitucional, a protección dos datos persoais —tan importante— e a calidade da produción estatística, adaptándose a esas normas europeas e ás necesidades actuais desa nova sociedade da información en que estamos a vivir.



O contido do proxecto enfatiza, nesa adaptación á normativa europea de protección, recoñecendo o trato especial que recibe a función estatística pública dentro dese marco. Destaca, ademais, a importancia dese código de conduta do sistema estatístico europeo como guía para esa actividade. Céntrase moito o proxecto na regulación do segredo estatístico e faculta tamén o IGE con máis atribucións para regulalo.

En definitiva, o proxecto de lei de estatística, que ten un carácter moi técnico e entendemos os socialistas de Galicia que era necesario, está pensado para dotar de máis poder o IGE e adaptarse aos novos conxuntos de datos que están supoñendo a transformación dixital e a IA e para perfilar novos tipos de datos.

Nada máis pola nosa parte e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Iglesias.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Eu serei breve tamén.

Simplemente quería insistir en tres cuestións xa mencionadas no primeiro debate, que para nós son importantes e que non foron aceptadas —aínda que a ponente do Grupo Parlamentario Popular non entrou nestas cuestións na súa intervención— e nas que seguiremos insistindo.

Unha é ese rexistro de familias monoparentais. Unha vez máis, insisto en que esa cuestión tiña que estar realizada xa desde 2010, desde a propia promesa do Goberno galego, incorporada posteriormente na Lei de impulso demográfico e que segue a negarse, tanto a elaboración dese rexistro, no que non se ten avanzado, como a propia visibilización deste tipo de familias, singularmente as que son por elección propia, dentro da estatística galega do noso país.

En segundo lugar, todo o que comentaba respecto da conta satélite de produción doméstica. Simplemente quero insistir en que hai case dez anos —a última vez que tivemos eses datos computados— o traballo invisible dos coidados que facemos as mulleres supuña o 50,6 por cento do produto interior bruto galego, máis de 28.000 millóns de euros. Polo tanto, hoxe teríamos que ver as horas que se dedican —que daquela xa eran case o dobre as de mulleres que as de homes en traballos no fogar— e se o valor económico que achega o funcionamento deste sistema económico aumentou ou diminuíu. Porque iso é o que interesa ver: se realmente este sistema favorece a desigualdade, como evidentemente sostemos desde o BNG, ou non. E, polo tanto, apremiamos a que iso se faga. Xa no ano 2022, cando insistíamos novamente en que isto se elaborase, desde o propio Partido Popular insistíase en que estaría para 2023. O atraso das estatísticas noutras contornas favorece que no día de hoxe non estea realizado. Pero para algo está o autogoberno: para espremer ese autogoberno e poder dar esa medición, que sería importante.

E, por último, todo o que ten que ver coa estatística de violencia machista, que seguiremos insistindo en que é algo necesario; e non só necesario, senón posible.



En todo caso, pese a todas estas cuestións que nos fan ser críticos e críticas coa aprobación deste texto lexislativo, é certo que o articulado introduce cuestións necesarias, que houbo tamén capacidade de entendemento en achegas que nos parecían importantes, como a que mencionaba de non supeditar a estatística a principios economicistas, e outras cuestións importantes, como garantir o equilibrio de xénero. Polo tanto, o noso voto vai ser favorable. Pero non é espírito natalicio, non se emocionen; é coherencia. A coherencia de que, para unha vez que o Partido Popular presenta un proxecto razoable, que respecta o autogoberno e que, por riba, hai certa capacidade de diálogo respecto a esta cuestión, en coherencia imos votar favorablemente.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Ben, grazas de novo, presidente.

Moitas grazas ás voceiras da oposición polo anunciado voto a favor. Coido que a lei e o IGE o merecen.

Toca agora nesta segunda quenda posicionarnos sobre as emendas dos grupos e tamén, como dicía, agradecer. En primeiro lugar, agradecer aos grupos parlamentarios polo ton, traballo e vontade de chegar a acordos durante toda a tramitación parlamentaria deste proxecto de lei. Compráceme dicir que durante o trámite de emendas houbo un amplo consenso que nos permitiu aceptar directamente do BNG tres emendas, transaccionar cinco, aceptar unha do PSOE e transaccionar tres. Chegamos a eses acordos porque consideramos que as propostas dos grupos da oposición enriquecían ou melloraban o texto. Por exemplo, a emenda número 16 do BNG establece que o director xeral do IGE comparecerá nesta sede, se o Parlamento así llo pide, para dar conta do informe de avaliación do Plan galego de estatística. Aceptamos esa emenda porque busca dar maior transparencia e difusión á actividade estatística e, por tanto, acada un obxectivo perseguido polo noso grupo, pero tamén polo propio director do IGE.

Outras emendas non as incorporamos porque discrepamos do seu contido, co que incluso podo dicir que concordamos, senón porque son máis propias de incluír nos diferentes plans estatísticos que no propio articulado da lei ou porque xa se está traballando nelas. É o caso, por exemplo, da conta satélite do traballo doméstico cuxa elaboración pide o BNG mediante unha emenda. Como saben, esta conta ten como obxectivo estimar o valor económico de todas as actividades desenvolvidas nos fogares, as que pasan polo mercado e as que non. O valor de facer a limpeza, a comida, o coidado dos menores ou dos discapacitados. E xa lle avanzo, señora Presas, que o INE realizou unha enquisa piloto —supoño que o sabe— no primeiro semestre deste ano e desde o mes de novembro está a recoller a información en todas as comunidades autónomas cun custo, por certo, dun millón e medio de euros. En aplicación do acordo de intercambio de información INE-IGE e baixo os principios de rendibilidade e comparabilidade, que foi mellorado por unha emenda do seu grupo, Galicia re-



cibirá os datos da microenquisa para empezar a partir do ano 2026 a programar anualmente as accións para elaborar unha conta satélite para a produción doméstica para Galicia. Así que non aceptamos a súa emenda porque non procede neste trámite parlamentario, pero compartimos con vostede a necesidade de valorar a produción doméstica e comprácenos informalmente de que é un proceso que xa está en marcha.

Outras emendas foron rexeitadas porque na súa maior parte piden algo que xa está incluído nalgún outro apartado e, polo tanto, poderían considerarse facilmente como subsumidas polo articulado do Proxecto de lei.

Señorías, todos compartimos a necesidade de revisar a lei, de actualizala a tempos actuais. Durante o tempo de debate en comisión, hoxe mesmo, parece que os grupos estamos de acordo no alcance do seu articulado. Como dicía, este consenso entre as partes por unha vez deixa claro que somos capaces de desterrar a confrontación partidista. Dito isto, sen que sirva de precedente, pero oxalá sexa un precedente.

En particular, quero agradecer ás miñas compañeiras Patricia Iglesias e Noa Presas polo seu traballo e as súas aportacións, tanto en ponencia como en comisión. E quero agradecer o labor minucioso do letrado, o señor Caride, que sempre, e esta vez tamén, nos ilustra co seu coñecemento e resolve as nosas dúbidas.

Señorías, hoxe é un día para poñer en valor a importancia da estatística pública galega e o traballo que fan os empregados públicos e, por tanto, o propio Instituto Galego de Estatística. Tras máis de 35 anos de actividade existe un amplo consenso en que o IGE acadou un alto nivel de prestixio, rigorosidade, independencia, profesionalidade e utilidade para o conxunto da sociedade galega. Instrumentos como o que en breve imos apoiar —parece que por unanimidade— reforzarán ese xeito de traballar. Así que desde aquí tamén o noso agradecemento aos empregados públicos do Instituto Galego de Estatística e aos empregados da Consellería de Facenda e Administración Pública, representados aquí polo seu conselleiro, que co seu bo facer consolidaron unha das institucións esenciais do noso autogoberno e permitiron ter unha estatística pública galega de calidade, tan necesaria sempre, pero máis nesta era da desinformación, dos bulos e das *fake news*.

Forma de traballar que se contrapon un pouco —se me permiten— cos comportamentos como o do presidente do CIS, que desprestixian o traballo demoscópico ata o punto de que hai unha comisión de investigación aberta no Senado, posto que se está facendo un uso dunha institución pública cando menos cuestionable. E non é que a cuestionemos nós; é que a sociedade e moitos medios de comunicación de distintas tendencias e liñas editoriais presentan os resultados das enquisas do CIS restándolles importancia e credibilidade, e logo a realidade desmóntaas.

Pero, en calquera caso, e postos a falar de enquisas, permítanme tamén recordar a que vimos onte, que parece que este partido político vai na boa dirección e que os galegos e as galegas recoñecen e valoran o enorme traballo que se está a facer.

Ben, remato xa poñendo de novo en valor e agradecendo o bo traballo do IGE, dos seus empregados públicos, da súa secretaria xeral e do seu director xeral, que hoxe nos acompañan.



Hoxe, ademais, recibe un espaldarazo dos grupos parlamentarios, posto que todos valoraron moi positivamente o seu desempeño e a necesidade desta lei, que se vai traducir nun voto a favor da mesma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate, procedemos á votación. Pechen as portas.

Votación de texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: E votamos agora o Ditame da Comisión coas emendas que foran incorporados xa no seu día.

Votamos.

Votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de estatística de Galicia.



Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo

En consecuencia, queda aprobado o ditame deste proxecto de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Rematou a votación.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, que son mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción, ten a palabra a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señorías, moi boa tarde.

No último pleno, na interpelación do BNG respecto do medre das verteduras ás rías, a conselleira de Medio Ambiente fixo tres cousas: a primeira, botar balóns fóra; a segunda, estender unha tupida cortina de fume; e, a terceira, non responder ningunha das preguntas que lle fixemos.

Botou balóns fóra porque, segundo ela, quen atrasa e quen non lle permite ser áxil son os informes, que veñen moi tarde por parte do Estado. Pero tamén entraban os concellos, e se hai algún problema de saneamento é porque as competencias son municipais e os concellos que teñen problemas de saneamento é porque non fan os deberes.

Tentou estender unha tupida cortina de fume porque veu aquí dar unha chea de cifras —como adoita facer, por outro lado— que son bastante fáciles de desmontar. Por exemplo, o famoso investimento dos mil millóns de euros dende o ano 2009. Xa o dixemos o outro día, un dato que empregou primeiro a conselleira de turno no ano 2018, que logo empregou a señora Vázquez, que hoxe está na Mesa do Parlamento, e que segue empregando outra señora Vázquez, que é a actual conselleira de Medio Ambiente. Ou, por exemplo, tamén intentou abafarnos cos datos que non foron quen de desmentir, precisamente o retroceso en materia de verteduras ás rías. Porque o caso é que pasamos —e isto é o importante, é a cifra máis relevante— de 1.575 verteduras ás rías en 2019 a 1.915 en 2023. Unha media de cinco verteduras ao día.

E a terceira, o de non responder ningunha das preguntas que lle formulamos. Non soubo dicirnos a que atribúen a Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia precisamente que o número de verteduras ás rías medre cada ano. E nin sequera se, á vista dese incre-



mento, considera suficientes as actuacións de vixilancia, de control ou de sancións que están a levar a cabo. E se non soubo ou non quixo respondernos a estas preguntas, que se refiren concretamente ao tema das verteduras, moitísimo menos quixo saber nada da vella denuncia do sector do mar sobre a limpeza e baleirado dos encoros, que é da súa competencia e no día de hoxe segue sen ningún tipo de protocolo.

E tampouco nada dixo precisamente de como están a influír todas estas cuestións na perda de produtividade das rías galegas. Unha perda de produtividade e unha situación alarmante que vive o sector do mar, que era onde nós precisamente centramos a nosa intervención. É un sector que a conselleira de Medio Ambiente nin sequera nomeou. Non fixo mención a el porque isto, todos estes problemas que afectan miles de persoas precisamente do sector do mar no noso país, non van con ela; non son do seu negociado, simplemente. Ese é precisamente un dos problemas principais: que a Consellería do Mar e, o que é peor, o propio sector do mar, para o Goberno da Xunta do Partido Popular é absolutamente irrelevante. Tan irrelevante que esa consellería, a do Mar, é a responsábel dunha das maiores crises produtivas do sector do mar no noso país, pero gran parte dos investimentos que ten que facer para frear esta desfeita, as verteduras en concreto, resulta que están en mans doutra consellería, neste caso na de Medio Ambiente.

Por iso nós, e tamén o propio sector, pedimos, en primeiro lugar, unha análise multidisciplinaria integral na que terán que intervir as consellerías que teñan algún tipo de competencia na materia, os centros de investigación, as universidades e tamén o propio sector, para determinar as causas da deterioración medioambiental e do devalo produtivo das rías galegas.

Se non se entende isto e non se apoia que hai que realizar estudos integrais para saber cales son as razóns deste devalo e como intentar frealo, pois non se entende nada ou non se quere entender. Se seguimos, como segue a Consellería do Mar, poñendo parches en momentos puntuais e tomando medidas sen conexión coas que tomen outras consellerías e —como dicía—, se non se diagnostica a enfermidade ou as enfermidades que, efectivamente hai nas rías, malamente se lles poderá dar tratamento.

E esta, señorías, é a nosa primeira proposta, a proposta de base, isto é, cómpre analizar con eses equipos multidisciplinares, coas universidades e cos centros de investigación, que os ten a propia Consellería do Mar, cales son as causas desa terríbel merma de produtividade nas rías galegas. E a partir de aí, evidentemente, pois cómpre establecer cales son as medidas que hai que tomar: as máis prioritarias e as que poden ir agardando máis tempo. Tamén sería a maneira de empezar, unha vez tido ese diagnóstico, a facer fronte, precisamente, ao cambio climático —que, por certo, é ao cal a Consellería do Mar bota todas as culpas—, que xa está a afectar precisamente as rías.

E —como dixen— a seguinte proposta é, unha vez analizadas todas as causas ou cales son os problemas, teremos que trazar, ou terán que trazar as consellerías responsábeis —principalmente a do Mar— un plan de recuperación desas rías, xa unha vez, efectivamente, que se saiba cales son as causas e que recomentan os técnicos para ilas atallando, antes, precisamente, a poder ser, de que desapareza definitivamente o sector extractivo.



E nós, precisamente para ese plan de recuperación das rías, citamos ou propoñemos algunhas actuacións que servirían para evitar que o empeoramento da calidade das augas continúe; actuacións que están nas mans do propio Goberno galego, que as podería levar a cabo se tivese vontade política, por un lado, e, polo outro, se dedicase os investimentos pertinentes a facelo. Por exemplo, estamos falando —xa o citei antes— do tema do desaugamento e da limpeza dos encoros; iso está na man da propia Consellería. Se non se fixo en máis de dezasete anos de denuncias, por exemplo, da Confraría de Noia, é porque non se quere, ou porque, efectivamente, o Goberno galego ponse ao lado das eléctricas, que son as que controlan isto, e decide sacrificar, tamén neste caso, o sector do mar. Ou, por exemplo, un control estrito das verteduras aos ríos e ao medio mariño que agora mesmo non existe. Non se leva a cabo agora mesmo —non se leva a cabo—, por máis cifras que nos dese a conselleira o outro día, un seguimento constante do cumprimento das autorizacións ambientais por parte das empresas.

E non se exerce —e dígoo así, con toda claridade, porque logo darei datos— a potestade sancionadora. ¿Por que non se exerce se a Xunta dispón, en teoría, dos mecanismos que permiten controlar en tempo real —isto é o que di a Consellería— os focos contaminantes e a calidade das augas? ¿Por que motivo no ano 2022, por exemplo, a Xunta abriu 270 expedientes sancionadores por verteduras, sendo que, deses 270 expedientes sancionadores, só 53 eran ás rías e ao mar? —non estamos falando do dominio hidráulico—; ¿por que abriu só 53 expedientes sancionadores nas rías...,

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...cando as verteduras ás rías... —remato, presidente—, nese mesmo ano, foron 1.721. Entón, efectivamente, estásenos a dar a razón cando dicimos que non se está a controlar e moito menos se está a sancionar.

E remato, presidente. ¿Non lles parece, a todos e a todas vostedes, bastante inexplicábel, ademais, que dos 270 expedientes sancionadores nese ano 2022, só 98 —apenas un 36 por cento do total— acabaron con imposición de multa? Son datos de Augas de Galicia, ¿eh?!, e non do Bloque Nacionalista Galego.

Ben, continúo na segunda quenda...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...señor presidente. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moi ben. Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto... (O señor Ojea Bouzo declina o uso da palabra.) Nada.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Abalde.

(O señor Abalde Alonso pronuncia palabras que non se perciben.)



Dean voz ao escano do señor Abalde. (*Pausa.*)

Aí esta.

O señor ABALDE ALONSO: Boas tardes, presidente.

Señorías.

Estamos hoxe aquí outra vez falando da situación do marisqueo en Galicia. E estamos, ademais, despois de que a Consellería do Mar, asegúrase —digamos— que o que estaba afectando a situación da produción de marisqueo nas rías galegas se trataba única e exclusivamente de fenómenos ambientais, fundamentalmente vinculados á fortes choivas. Por fin se deu conta de que este problema non se pode simplificar só polo efecto que se produce debido a unhas choivas excesivamente abundantes —por certo, procesos e fenómenos que serán recorrentes ao longo dos futuros anos—, senón que é un sistema moi complicado e moi complexo, no cal ten que ver, por un lado, o cambio climático cos efectos que ten sobre a salinidade, sobre a temperatura das augas, sobre os cambios das correntes que se están producindo nas nosas rías, pero tamén ten un compoñente que é anterior aos efectos do cambio climático, que ten que ver coa calidade das augas.

As calidades das augas das nosas rías son consecuencia precisamente de todos os aportes das augas que veñen dos ríos, polo tanto, as augas continentais teñen unha influencia importante na calidade das augas que nós temos nas rías, nas zonas onde están os bancos de marisqueo. Polo tanto, é necesario e importante que a Xunta de Galicia traballe conxuntamente e que, xa que logo, a Consellería de Medio Ambiente, que é a responsable da calidade das augas continentais, traballe intimamente relacionada coa Consellería do Mar, que é a responsable —digamos— dos parámetros físico-químicos e biolóxicos das augas nas cales se está realizando o crecemento e nas cales os sectores van extraer despois o marisco. Polo tanto, é necesario que se faga así, e non se pode facer como se mencionou na intervención do outro día, na cal —como recordaba a representante do BNG—, a Consellería de Medio Ambiente o único que fixo foi sacar balóns fóra ou dixo que é responsabilidade do Goberno central, que non contesta aos informes.

Por certo, polo que anunciou o presidente da Xunta de Galicia xa chegamos a un acordo sobre o traspaso das competencias da Lei do litoral. É dicir, responderon favorablemente ao último documento que mandou o Ministerio. Agora falta que se concrete na Comisión Mixta; Comisión Mixta onde, por certo, sempre foi o Partido Socialista que defendeu que se tiña que solucionar este problema das competencias do litoral, e non con outras cuestións independentes. (*Aplausos.*) Por conseguinte, benvido sexa o acordo e, unha vez que se complementa ese acordo —o presidente ten moita prisa para que iso se faga, e nós estamos encantados de que se faga rápido—, a partir de aí esperemos que se acaben as escusas. Xa non haberá que esperar os informes do Goberno central, senón que será a Xunta a que directamente será a responsable de todas as competencias sobre o litoral: as competencias vinculadas ao medio ambiente e as competencias vinculadas á pesca. Polo tanto, xa non haberá —digamos— escusas para que non se estea traballando.



A realidade é que a contaminación tanto das augas domésticas, de uso doméstico, como de uso industrial, ten un efecto importantísimo na produción dos moluscos nas nosas rías e tamén do cultivo extensivo, como son as bateas. De feito, se vemos a clasificación que fai Intecmar das zonas de marisqueo, está vinculada directamente —digamos— á concentración de microorganismos, de bacterias, fundamentalmente, que veñen da utilización doméstica e, polo tanto, iso é o que determina a calidade das augas. E hai que dicir que, das 111 áreas que están establecidas, soamente neste momento hai 9 áreas que cumpren todos os requisitos e, xa que logo, están caracterizadas como «A»; iso é o seis por cento única e exclusivamente das zonas marisqueiras de toda a nosa comunidade autónoma. Iso é consecuencia única e exclusivamente dunha deficiencia no saneamento das augas de uso doméstico, que teñen que pasar polas depuradoras; depuradoras que tamén teñen o seu problema, desde o punto de vista de eficiencia, xa que, se a elas van os residuos ou as augas de uso industrial, estes moitas veces levan contaminantes, o cal reduce a eficiencia da depuración.

Polo tanto, iso é responsabilidade de Augas de Galicia e iso responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente, que é a que ten que garantir que ese saneamento se produce dunha forma efectiva. Por certo, incluso en áreas e en rías, onde se realizaron esforzos de cara ao saneamento, hai niveis altísimos de microorganismos que provocan que esas zonas se teñan que clasificar como zonas «B» ou como zonas «C». Por exemplo, temos o caso —hai en todas as rías—, por poñer un exemplo que é bastante significativo, de Cedeira; toda a ría de Cedeira ten tres zonas e as tres zonas están clasificadas como «C». ¿Que resposta dá a Xunta de Galicia a iso? Dicir ao Concello que ten que facer labores de saneamento, pero, ¿como vai facer o Concello labores de saneamento se non ten presupostos, se non ten fondos necesarios para facer fronte a iso? E, mentres tanto, o canon da auga, que é un canon que se establece precisamente para facer eses labores de saneamento, estase recadando polos concellos e estase incorporando á Xunta de Galicia, pero a Xunta de Galicia non está facendo eses labores de saneamento. Polo tanto, non botemos balóns fóra: esa é unha responsabilidade da Xunta; teñen que traballar conxuntamente a Consellería de Medio Ambiente e a Consellería do Mar.

E, por iso, hai que facer —como dicía a representante do BNG— un plan multifactorial, un plan amplo, en que se incorporen todos os coñecementos. O conselleiro sempre nos está dicindo que se están facendo convenios con universidades, pero son convenios illados. É o momento de poñer todos en común e de facer un diagnóstico, e, a partir dese diagnóstico, empezar a actuar precisamente para a recuperación dos bancos.

A situación é gravísima. Vímolos denunciando desde o principio desta lexislatura. Pero este ano os mariscadores da ría de Arousa están dicindo que van ter a metade da produción da que tiñan no ano 2023, que é cinco veces menor da que tiñan fai catro anos. Polo tanto, estamos nunha situación francamente lamentable para o sector. E hai que recordar que o sector do marisqueo é un sector fundamental, desde o punto de vista non só ambiental, senón tamén desde o punto de vista económico e, sobre todo, social, porque é un sector que permite articular as sociedades das nosas comunidades marisqueiras.

Por conseguinte, é necesario que a Consellería de Medio Ambiente tome as rendas de todos os procesos de saneamento, faga un esforzo pola utilización e pola xestión das depuradoras,



que son unhas instalacións de alto consumo enerxético e, consecuentemente, fan que, en moitas ocasións, os concellos non sexan capaces de mantelas, e, por tanto, ten que ser responsabilidade... Iso só pasa porque realmente a Xunta de Galicia se tome en serio estes problemas, se dote de fondos adecuados todos estes procesos de saneamento e tamén se dote de fondos... —eu non quero dicir aquí un plan, porque sempre estamos falando do Plan de marisqueo; ese plan inexistente que sempre nos poñen enriba da mesa— Pero creo que a Consellería do Mar se ten que tomar en serio isto, ten que empezar a tomar medidas, ten que levar a cabo mecanismos e procesos de rexeneración dos bancos e, sobre todo, mecanismos que permitan que os moluscos, as ameixas e os berberechos crezan e cheguen ao talle comercial, de maneira que, os nosos mariscadores e mariscadoras poidan vivir dese recurso. E, por certo, mentres non poidan vivir dese recurso, a Xunta de Galicia debería elaborar un programa de seguros para garantir a pervivencia deste sector.

E, xa que logo, como non vai poder ser doutra maneira, imos apoiar esta proposta do BNG, sobre todo porque do que trata é de garantir a calidade das augas para que esa calidade das augas garanta a pervivencia do sector do marisqueo e —como dicía antes— garanta a sostiabilidade social, económica e ambiental das nosas rías.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moi boas tardes, señorías.

Grazas, presidente.

Señorías, permítanme dicirlles unha cousa. É verdade que hoxe o seu ton pois é moi correcto, moi reflexivo e, sobre todo, parece que por fin están comprometidos cunha cuestión. E créanme que a experiencia me di que non é unha cuestión de partidos; é unha cuestión tamén de vontade, de liderados e de saber cales son as prioridades.

A miña experiencia dime que hai concellos que fan un esforzo por ter os seus sistemas de saneamento de forma correcta; que foron ás diferentes convocatorias de axudas facer auditorías nos seus concellos —entón, polo tanto, coñecen ben como son os seus sistemas de saneamento—; que levan anos traballando coa propia Xunta de Galicia para mellorar a súa rede de abastecemento, ben a través da propia rede, ben a través dos colectores, dos tanques de tormenta ou das depuradoras; que colaboran tamén dedicando fondos das deputacións —eses que vostedes— aos plans únicos ou como se definan en cada unha das deputacións; dedicándoos para facer isto. E hai outros que non, señorías; e esa é a realidade, esa é a realidade.

Cando, por fin, todos os concellos... E xa digo —vai á marxe—, non ten que ver co acordo dos propios concellos. Coñezo concellos de todas as cores que están implicados nisto e, en concreto, vou felicitar, por exemplo, os dous concellos que hai na miña provincia; neste caso



son do Partido Popular, pero, por exemplo, está o de Porto do Son e o de Coirós, que teñen un saneamento por enriba do 95 por cento, case chegan ao 100 por cento, pero é porque levan anos e anos dedicando recursos e esforzos a algo que non se ve, porque ese é o problema, é dicir, as redes de saneamento non se ven; como van enterradas e como non é algo do cal realmente poidan presumir, pois, ao final, parece que, en moitos casos, se dedican os esforzos e os recursos para outras cuestións.

Miren, que este chamamento á responsabilidade de todos non nos impida facer tampouco unha análise da realidade. O 80 por cento das masas de auga da nosa comunidade, das que son competencia da Xunta de Galicia, están en bo estado; e este é un dato que contrasta co 56 por cento en que se sitúa a media estatal. Por tanto, en Galicia algo se foi facendo ben nestes últimos anos. E este resultado foi posible grazas a que Augas de Galicia fixo un esforzo investidor moi importante en infraestruturas e fixo un traballo de inspección e de vixilancia a través dos mecanismos que ostenta segundo as súas competencias.

A Xunta de Galicia implementou o Programa de control de verteduras, unha potente ferramenta con que Augas de Galicia fai un control moi estrito das verteduras que se producen especialmente, ademais, nas rías galegas. Para executar este plan consigna anualmente nos orzamentos dous millóns de euros. Este Plan de control de verteduras é un programa co cal se está a conseguir e co cal se consegue a detección e, sobre todo, a emenda de forma efectiva dos puntos de vertedura. Só no ano 2023 se realizaron case 10.000 visitas, 9.646 inspeccións a puntos de verteduras e se atenderon 635 alertas. A redución das verteduras que eran consideradas como contaminantes é de 36 puntos en doce anos. No ano 2012, o 45 por cento das verteduras identificadas eran contaminantes ou non se coñecía a súa orixe e, na actualidade, menos do 9 por cento das verteduras teñen esa consideración. Por iso, señora Pérez, os datos de verteduras non son exactamente iguais aos datos de sanción porque non todos as verteduras teñen esa penalización. O Plan de verteduras —que é o máis importante— á parte de sancionar ese 9 por cento, permitiu emendar 650 puntos de verteduras contaminantes nas rías, e acadou que a porcentaxe de verteduras nas nosas costas se reducise a máis da metade.

Señorías —como dicía antes—, aínda que as competencias de saneamento e de depuración sexan dos municipios —creo que iso non se pode discutir—, iso non quere dicir que botemos balóns fóra; non son cortinas de fume. Esa é a realidade. A capacidade normativa da Xunta de Galicia non pode entrar a facer o saneamento dun municipio, iso entra dentro da súa propia competencia; quero dicir, vostede imaxine que a Xunta de Galicia, Augas de Galicia, colle e se pon a facer obras sobre a rede de abastecementos municipais. Pois non pode; quero dicir, é que é algo imposible, é que algo que non ten esa discusión. O que si fai a Xunta de Galicia é dar o apoio técnico e económico que moitos concellos precisan porque o traballo de inspección —que comentaba— e de seguimento van acompañados dun grande esforzo investidor.

Señora Pérez, vostede di que a Xunta de Galicia di sempre que inviste 1.000 millóns. ¡Non!, investimos xa nas rías galegas máis de 1.000 millóns. E esa é unha cifra que temos aí como referencia, pero teñen nome e apelidos: 200 millóns de euros foron para a depuradora da ría de Vigo; 150 millóns para a da Coruña; 150 millóns tamén para a de Ferrol; 140 millóns



investiu a Xunta de Galicia, Augas de Galicia, na ría de Arousa... E vostede sabe que se fixeron actuacións como, por exemplo, na depuradora de Ribeira, na de Catoira, na de Rianxo, na de Ribadumia, na do Grove..., ou nos colectores de Boiro, do Grove, de Cambados, de Vilagarcía..., ou no tanque de tormentas de Rianxo. Todas esas actuacións son coñecidas e en moitos deses concellos gobernan vostedes, por tanto, imaxino que terá coñecemento.

E xa que hoxe tamén se aprobaron os orzamentos de Galicia, lembro que o orzamento de Augas de Galicia para o 2025 é de preto de cento corenta e catro millóns de euros, un 4,7 por cento máis —case un 5— que no ano 2024 para continuar na mellora das augas das nosas rías e tamén dos nosos ríos. Será un investimento millonario para saneamento e tamén para abastecemento, distribuído en tres grandes eixos: en infraestruturas, en formación e divulgación para concienciar sobre unha xestión eficaz da auga e tamén, por suposto, en políticas activas de resposta ante o cambio climático. Os orzamentos van permitir seguir colaborando cos concellos na construción de novas depuradoras, de novos colectores e de novos sistemas de depuración. E —como dicía antes—, non estaría mal que ese mesmo esforzo fose acompañalo polas outras administracións.

E non me veña co tema dos recursos, porque voulle dicir, por exemplo, A Coruña. Na Coruña —que coñezo moi ben a miña cidade—, ¡joia!, é que hai urbanizacións que se fixeron hai máis de trinta anos e que seguen vertendo á ría, como é a da Zapateira. E A Coruña —créanme— ten recursos de sobra para poder afrontar o saneamento integral. O mesmo pasa en Oleiros; Oleiros é o municipio coa renda dispoñible máis alta de toda Galicia e o que cobra o IBI máis alto de toda Galicia, seguramente, e resulta que ten pechada, agora mesmo, a praia de Santa Cruz porque tamén ten verteduras fecais nesa praia. Podemos falar do Concello de Vigo. Nestes días saían denuncias das asociacións, que falaban de que cada vez que chovía os colectores mesturaban fecais con pluviais, e, entón, desbordaban e ía todo para a ría. ¡Claro, señorías!, estamos falando de tres municipios —créanme— que non teñen problemas para poder afrontar ese tipo de actuacións, pero prefiren facer, ao mellor, o esforzo noutras actuacións. E podemos continuar cunha lista de concellos con denuncias de verteduras para as rías e os ríos, xa que, ao final, vai todo para o mesmo sitio. E aí está tamén as Pontes, está Arzúa, está Barreiros, está Betanzos, está Boiro, está Camariñas, está Carnota, está Cee, está Culleredo, está Dumbría, está Fene, está O Grove, está Pontevedra, está Santiago, está Vilagarcía, está Vimianzo, está Viveiro, está Zas e están moitos outros, señorías, e moitos outros.

Quero dicir que, por tanto, o primeiro que había que pedir é tamén un pouco de responsabilidade por todas as partes. Da Deputación xa non imos pedir moita responsabilidade porque é verdade que si que hai deputacións que amosan esa sensibilidade e si que están a facer o esforzo, pero hai outras deputacións que claramente renuncian a axudar os concellos pequenos que poden ter máis dificultades para facer ese tipo de investimentos.

Señorías, hoxe foi un gran día, tivemos novos orzamentos, tivemos tamén unha nova Lei de estatística e parece que, por fin, tamén —e, ademais, así o dicía o señor Abalde— o Goberno vai facer o traspaso dos medios para que poidamos desempeñar as competencias que este Parlamento asigna á Xunta de Galicia para xestionar o noso litoral. É unha gran vitoria da Xunta de Galicia e, sobre todo, é unha gran vitoria do Partido Popular de Galicia que impulsou



esa lei e que defendeu o traspaso dos medios, a pesar, señor Abalde, de todo o boicot que fixeron vostedes; un boicot activo por terra, mar e aire, porque parece que vostedes, como non votaron esa lei, non querían que nós, os galegos, puidésemos exercer esas competencias.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, seguiremos traballando para localizar as verteduras; seguiremos traballando para eliminar as verteduras; seguiremos traballando e dedicando 100 millóns de euros ao ano para seguir mellorando os sistemas de saneamento dos nosos municipios; e seguiremos pedindo ao resto das administracións que fagan o mesmo; ¡ao resto!, quero dicir, ás administracións de todas as cores: os concellos, as deputacións, o Goberno central... Hoxe coñecemos que facía un investimento de 700 millóns de euros, pero a nós tocounos a pedrea, 10 millóns, e, ademais, só para Monforte. Claro, non sei cal foi o criterio que tivo o Goberno central para dedicar só 10 millóns de euros para o saneamento nesa vila, e non para as outras.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Pero bueno, indubidablemente, creo que a ninguén lle parece suficiente que o Goberno Central axude a Galicia...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...con 10 millóns de euros.

Si, ¿a vostedes si? Bueno...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...pois sigan así... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e os nove deputados que teñen agora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...seguirán baixando por como tratan vostedes a nosa terra. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Pérez Fernández.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señor Trenor, empezou vostede dicindo que estabamos moi reflexivos. En realidade o que sorprende é que se sorprendan de que estamos reflexivos. Nós sempre estamos reflexivos,



e —valla a redundancia— reflexionamos moito sobre todos os problemas que ten o sector do mar e que a Xunta de Galiza non resolve; pero non só non resolve, senón que cuestións como o baleirado e como a limpeza dos encoros, que son de competencia exclusiva da Xunta de Galiza, non as resolve. Non quere nin oír falar do tema: nin o nomeou a conselleira o outro día nin o nomeou vostede agora, a pesar de que eu fixen referencia.

E agradézolle tamén, porque claro, dezaoito anos de concelleira nun concello pequeno —¿verdade?— que ten menos de dez mil habitantes agora, antes superaba os dez mil, non me deron para saber; non fun capaz, en dezaoito anos de concelleira, de saber que, efectivamente, non pode chegar a Xunta con actuacións así a un concello e entrar a arramplar. ¡Non, non! Agradézolle moito que me informarse diso porque, de verdade, non o sabía, e estiven de concelleira dezaoito anos nun concello. Mire, ademais de non poder chegar aos concellos desa maneira, efectivamente... —xa sei que en moitos casos a vostedes gustaríalles, pero non é o que poden facer—, ademais diso, por exemplo, na foz do Miñor, onde levamos vinte anos con zona de clasificación «C» e de onde desapareceu absolutamente toda a zona do marisqueo que había, e o Partido Popular votou en contra neste Parlamento xa non de facer actuacións, senón sequera de facer informes para ver que actuacións había que facer. ¿Iso de quen é responsabilidade?; ¿tamén dos concellos, señor Trenor? Non.

E logo volveu repetir a cifra que deu a conselleira o outro día aquí: que o oitenta por cento das masas de auga están en bo estado. Entón, ¿que temos que deducir, señor Trenor? ¡Bueno!, podemos deducir dúas cousas: ou que é mentira que o oitenta por cento das masas de auga estean en bo estado, ou, que se é verdade, ¿non inflúe en nada a contaminación tanto industrial como residual e a urbana, como doutros tipos, precisamente na perda de produtividade das rías?; ¿vostede cre que non inflúe absolutamente en nada? ¡Claro!, se vostede di que non inflúe en nada, habería que preguntarlle —e se di que si tamén—: ¿e vostede como o sabe se non fan estudos para saber ata onde inflúe?; ¿se cando hai algún tipo de vertedura dalgunha empresa, dalgunha industria ou mesmo de verteduras urbanas, vostedes —e nunca mellor dito— tapan todo para que se entere a menor xente posíbel e aquí non pasou nada?

Pódolle citar varios casos de denuncias e non xa da xente particular —que tamén—, senón da Garda Civil, da Fiscalía...; denuncias sobre industrias ubicadas na ría de Arousa que fan verteduras e que, en todos estes anos do Partido Popular, despois de todo isto —por iso eu daba eses datos antes das sancións— levan sancións por 14.000 euros. (*Aplausos.*) Señor Trenor, é que comprenderá que iso non é lóxico; non é lóxico.

En todo caso, é imposible, por moito que vostede diga que o oitenta por cento das masas de auga están en bo estado, que saiba realmente ata onde chega a influír precisamente na produtividade porque non fan estudos ou, se os fan, desde logo téñenos moi agachados porque ninguén os coñece. E non só os pide o BNG, é que o sector leva anos pedindo eses estudos precisamente para facer unha programación —chámelle plan, chámelle programa, chámelle como queira— das actuacións que hai que levar a cabo para recuperar a produtividade.

E ao igual que a conselleira, señor Trenor —por iso digo que aquí non hai conexión—, vostede falou do seu negociado, evidentemente, e a Consellería do Mar falou do dela. Non hai



absolutamente ningunha coordinación entre as distintas consellerías da Xunta de Galiza, e ¿sabe por que?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Porque nin a conselleira, o outro día —remato, presidente—, nin vostede, agora, citaron precisamente o gravísimo problema de perda de produtividade que temos nas rías, que, ademais —por se non o sabe— o gravísimo problema de perda de produtividade implica tamén unha perda moi importante de empregos dunha actividade absolutamente sostíbel.

O señor PRESIDENTE: Grazas...

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Por iso nós...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: ...facemos estas propostas: as que están nas mans precisamente dos concellos e do Goberno central, pero, desde logo, as que están nas mans da Xunta de Galiza.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PÉREZ FERNÁNDEZ: Grazas. *(Aplausos.)*

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático

O señor PRESIDENTE: Non se formularon emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Hai quince días, interpelabamos o conselleiro, xa que queriamos saber se Galicia estaba preparada para responder a grandes emerxencias. Obxectivamente —creo—, esta non foi unha pregunta que unicamente se plantexou o PSdeG, senón que foi unha pregunta que a meirande parte dos galegos e das galegas se plantexou cando aconteceu o desastre da dina de Valencia.

A pesar disto, o conselleiro dixo que lle sorprendía moito a pregunta, non se tomou a ben a interpelación e non contestou, ademais, a moitas das nosas dúbidas, que eran, ao final, totalmente construtivas, e que agora as traemos en forma de moción; eran construtivas —



digo — porque se trataban de preguntas en relación con aspectos —criamos— que tiñan que ser ampliados, actualizados ou mellorados, co único fin de ter unha axeitada prevención e estar preparados para —oxalá nunca pase— unha gran catástrofe no noso territorio. Aínda que diga «oxalá nunca pase», non podemos negar que Galicia, polas súas características xeolóxicas, orográficas, climáticas ou hidrográficas, e pola súa posición tamén xeográfica, non está libre de padecer unha emerxencia de diverso tipo e gravidade.

Nesta moción temos pleno espírito construtivo e de consenso, en definitiva, de Nadal, e pedimos ao Goberno determinados aspectos —cremos— mellorables en relación coas respostas que debe dar ante as emerxencias no noso territorio.

En primeiro lugar, pedimos a actualización da Lei 5/2007, esa Lei de emerxencias de Galicia para adaptala aos novos medios tecnolóxicos que existen; eses medios tecnolóxicos de resposta, coa intelixencia artificial, coa asistencia de drones; eses medios de coordinación existentes ante as novas situacións derivadas dos efectos do cambio climático, que non estaban previstas hai máis dunha década. En primeiro lugar, polo tanto, queremos esa actualización. Unha lei que aprobou o Bipartito —ese Goberno progresista que vostedes tanto deostan—, que foi o que entendeu necesaria unha regulación; unha regulación que garantise a existencia dun sistema integrado de protección civil e emerxencias en Galicia; un sistema baseado nos principios de coordinación, de solidariedade e participación, de subsidiariedade, de colaboración ou de lealdade institucional —esa palabra que vostedes tan pouco coñecen—, promovendo a asistencia e o socorro mutuo con outras comunidades autónomas, e tamén no eido transfronteirizo, coa creación, nese momento, tamén da Axencia Galega de Emerxencias, da Axega; unha axencia que, no seu momento, o conselleiro criticaba moito —conselleiro que, nese momento, era o señor Rueda; na actualidade, o presidente da Xunta—. No ano 2007, el lamentaba a creación —referíndose á Axega— «deses chiringuitos». E aínda por riba, insistía en que esta lei tiña a vontade e a finalidade de quitar de encima a responsabilidade incómoda das emerxencias e derivala aos concellos e ás deputacións. ¡Como cambiou o conto!, ¿non?, señorías do Partido Popular.

O outro día, o señor conselleiro dicía que non tiña ningunha competencia e que mirásemos para o artigo 11 da Lei 5/2007; un artigo que si que di —como el dicía— que é verdade que o Consello da Xunta é o órgano superior da dirección e coordinación da protección civil, pero tamén di, no segundo parágrafo, que o é tamén da xestión de emerxencias da Comunidade Autónoma galega. E tamén esqueceu que este artigo fala de aprobar disposicións de carácter xeral en materia de protección civil; de que tamén é competencia da Xunta o Plan territorial de protección civil e os plans especiais; de aprobar o Mapa e o Catálogo de riscos de Galicia; ou a prevención e a autoprotección, ou as situacións de emerxencia de interese galego.

Pois ben, a pesar destes quince anos de vixencia da lei e da oposición inicial do Partido Popular, non foron capaces, nin sequera, de desenvolver un regulamento ou, nin sequera, de modificar unha lei cara a outra, que considerasen nese momento que respondería mellor ante situacións de emerxencia. Polo tanto, no noso segundo punto, pedimos tamén desenvolver ese regulamento, co fin de detallar e de especificar os aspectos prácticos e operativos necesarios para a correcta aplicación da lei.



No noso terceiro punto, pedimos deseñar un programa anual, tanto de exercicios como de simulacros, para garantir unha axeitada operatividade do Platerga, levando a cabo os mesmos de forma periódica para valorar a capacidade de resposta ante os diferentes tipos de emerxencia. O sistema de alerta á poboación é esencial. Así o din os expertos e así o entende tamén a Unión Europea, e, por iso, destinou fondos á implantación, como en Galicia o sistema Es-Alert. A verdade é que en Galicia só se fixeron estes simulacros no ano 2022, en Ourense e, recentemente, no ano 2024, na Coruña e en concellos limítrofes, onde o señor director xeral, o señor Villanueva, dixo, tras o simulacro, que non funcionara de forma axeitada e que había que revisar o sistema. Polo tanto, o que se está a facer —entendemos— é claramente insuficiente.

Por outra banda, entendemos tamén e pedimos nesta moción que é necesario levar a cabo campañas informativas en zonas de risco de inundación para concienciar a poboación. Ao final, todos sabemos que unha resposta axeitada é importante e é esencial. Imos falar aquí do Inungal, esa ferramenta esencial para poder paliar ou mitigar os efectos dunha inundación. O Inungal, que foi revisado e aprobado o 28 de outubro, cun decreto de publicación que dicía que fora consensuado e sometido ao informe da Fegamp, cando non é certo. Non se remitiu para nada o documento á Fegamp; cousa diferente do que si se fixo no ano 2016, que si que se contou coas alegacións dos concellos. Pois, desta vez, non. E non sei se foi iso, é dicir, a aprobación unilateral, ou o que foi, porque no día 29, un día despois de aprobalo no Consello da Xunta e tras o desastre da dina en Valencia, contratouse, cun orzamento de case trescentos mil euros, un mapa actualizado de zonas inundables. É raro, ¿non?

Despois falaba o conselleiro —tras unha durísima pregunta que lle fixo o Partido Popular, o Grupo Parlamentario Popular—, nunha pregunta no Pleno, de que había 51 concellos con obrigas de ter estes plans e 45 con recomendación de telos. E dicía: «Pero case ningún o cumpre». Pois moi ben. Hai que dicir tamén ao Goberno galego que os concellos —moitos deles pequenos— non teñen os medios técnicos para levar a cabo este tipo de documentos e tampouco teñen orzamento para poder externalizalos. E, despois, unha vez superado este primeiro escollo, que sería a redacción deste documento —sumamente difícil nalgúns casos—, estaría o segundo escollo: é o que botan en falta estes concellos, que é a colaboración da Xunta para dotalos dos medios materiais para a súa aplicación, dado o caso, porque, se non —como dicía o outro día un alcalde—, «ter un documento e non ter nin os medios materiais nin persoais para aplicalo é ter un papel enriba da mesa». E despois, habería que elaborar tamén protocolos dirixidos á cidadanía. Como dicía, unha redacción axeitada pode salvar unha vida; e, o mesmo, unha decisión imprudente tamén pode ter unha consecuencia terrible. Polo tanto —entendemos—, a cidadanía ten que ter á súa disposición toda a información para saber actuar independentemente do tipo de emerxencia.

Pedimos tamén actuar nese Catálogo de medios e recursos do Platerga, porque, aínda que o conselleiro fixo balance dos medios que foran entregados, non estableceu o criterio con que estes foron repartidos. E nós dicimos que é un criterio discrecional porque é o único que coñece este Goberno, e, así dá lugar a situacións estrañas como, por exemplo, que un GES da provincia de Ourense teña dúas motos de auga e tres zódiacs, mentres outro GES, da comarca de Ferrolterra, non conte con ningún medio acuático deste tipo cando ten quilómetros de costa; entón pedimos que se establezan uns criterios preestablecidos de repartición.



Por outra banda, tamén pedimos que se inclúan aos equipos de atención de emerxencias os bombeiros forestais da Xunta de Galicia para que se poida contar con eles de cara á coordinación, cando non sexan suficientes os medios persoais con que se está contando, porque estamos a falar dun equipo que está totalmente preparado e coordinado para actuar e para poder asistir en casos de emerxencia, como, por exemplo, cando foron o restos do furacán Kirk e todas as súas consecuencias, que trouxeron o colapso e que os medios que se utilizaron se visen amplamente superados e os concellos tamén.

Por último, cumpriría proceder á repartición desas tabletas; das 110 tabletas que mercaron xa hai máis de tres anos, e, das cales, non sabemos onde están, e son necesarias para pasar a unha segunda fase do programa Ariem-Plus para ter unha coordinación con Castela e León e con Portugal e para poder reaccionar ante unhas emerxencias que sexan de carácter transfronteirizo. ¿Por que non se repartiron as tabletas, cando, hai tres anos, nunha pregunta na Comisión, o director xeral me contestou dicindo que a repartición era inminente? ¿Que pasou con esas tabletas?; que, ademais, foron grazas a fondos europeos porque se destinaron... (A señora Castro Rey procura uns datos entre os seus papeis.) — non sei se teño aquí a cantidade, pero... ¡Si!— ...case oitenta e un mil euros, o 75 por cento de fondos europeos de desenvolvemento rexional. E aínda non sabemos onde están.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CASTRO REY: En definitiva, estas son as peticións que traemos hoxe nesta moción, coa vontade de mellorar o sistema de emerxencias en Galicia, e esperamos contar co apoio do resto dos grupos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto... (*O señor Ojea Bouzo declina o uso da palabra.*) Nada, grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías, non cabe dúbida de que, como apuntaban diversos informes de expertos, a magnitude da dina vivida en Valencia hai escasas semanas, cunhas choivas de persistencia e de intensidade como nunca antes se rexistraran —a dina non é un fenómeno novidoso; o que si foi novidoso foi a intensidade con que se viviu nesta época—; intensidade que ten relación de causalidade co cambio climático que estamos a vivir e co quecemento global, o que aumenta a posibilidade de que se produzan estes fenómenos con máis frecuencia e, cada vez, con maior intensidade. Tampouco semella que exista moita dúbida de que a irresponsabilidade e a negligencia da súa xestión contribuíse para agravar as consecuencias da dina, mais serán fundamentalmente as valencianas e os valencianos quen determinen as responsabilidades políticas e, seguramente, os xulgados e os tribunais, as responsabilidades penais.



Mais cometeríamos un erro se o acontecido en Valencia non provocase unha reflexión sobre o estado do sistema de emerxencias na Galiza, e poderíase producir, non xa unha situación como a de Valencia, senón novas situacións de descoordinación e de eivas na prevención e na xestión, como as cales xa vivimos en casos como o do Prestige, cando un accidente marítimo se converteu nunha catástrofe medioambiental sen parangón na Europa; ou cando un accidente ferroviario tamén evidenciou unha auténtica descoordinación no sistema de emerxencias; ou, máis frecuentemente, cada vez con maior intensidade e maior gravidade, cos lumes forestais, por exemplo, para cinguirnos ao máis recente, que foi o do Courel, onde tamén se viviu unha absoluta descoordinación. E que foi a cidadanía, unha vez máis, e que foron as profesionais directamente atinxidas quen fixeron que as consecuencias non fosen tan graves como as que podían ter sido.

O actual sistema de emerxencias de Galiza vén establecido pola Lei 5/2007, aprobada en abril de 2007, cos votos en contra do Partido Popular; un Partido Popular que non foi o do señor Rueda, senón que foi o do señor Ruiz Rivas —actualmente senador, algo que hoxe está de moda no Senado, porque un exsenador sae de prisión e a outro o van xulgar o día 13 de xaneiro; (*Aplausos.*) por tanto, si existe moita actividade do Partido Popular no Senado, onde si está Ruiz Rivas—. (*Aplausos.*) Ruiz Rivas, que era o ponente daquela norma, efectivamente, cualificouna de «moi mala». Creo que tamén, na interpelación, o actual conselleiro a desqualificaba no tratamento e nas súas referencias; unha cousa que é bastante curiosa porque estamos a falar dunha Lei de 2007, é dicir, de hai dezasete anos, que non foi nin derogada nin foi substancialmente modificada. É dicir, só foi modificada en pequenos aspectos hai dez anos —en pequenos aspectos—, como nuns parágrafos da parte sancionadora, mais, na súa esencia, esa lei, cualificada no ano 2007 como «moi mala», e que tampouco parece do gusto do señor conselleiro, non a modificaron, non a derogaron e parece que tampouco a están a cumprir.

Unha lei que parte da consideración das emerxencias como un servizo esencial, establecendo un sistema integrado de protección civil e emerxencias dirixido a adoptar medidas preventivas que eviten as situacións de risco e a actuar, no caso de que se produza o risco, para protexer a integridade das persoas, dos bens e tamén do medio ambiente. Mais, para iso, configura un sistema estruturado en dous niveis inseparábeis de actuación: por unha banda, a planificación, tanto na identificación e na avaliación dos riscos como na resposta, que deberá conter a determinación dos mandos, dos protocolos de activación ou dos medios dispoñíbeis; por outra banda, o sistema de xestión das emerxencias, a coordinación de recursos e mesmo a rehabilitación posterior dos efectos, consecuencia da emerxencia producida.

Xa que logo, a peza angular do sistema é a planificación da acción pública; planificación a través tanto dos plans de carácter territorial a nivel galego, a nivel supramunicipal, ou ben a nivel de concello, como tamén dos plans especiais dirixidos ás emerxencias que, polas súas características, requiran consideracións técnicas ou científicas determinadas; plans que, ao contrario do que manifestaba o conselleiro, teñen que ser modificados cando hai unha alteración de circunstancias e cando hai alteracións normativas, mais, en todo caso, nun prazo de catro anos.

En esencia —dicíamos—, o cerne do sistema de emerxencias deste país é a planificación, polo que cómpre analizar se a Xunta de Galiza está cumprindo con esta planificación; e a



resposta é un rotundo «non». Segundo a información contida na páxina web da Consellería, o Plan territorial de emerxencias de Galiza, o Platerga —o plan básico—, é de xaneiro de 2009, sen que conste que se procedese, segundo a páxina web, á súa actualización, nin apreciación ou valoración de riscos, de medios, os recursos etcétera, etcétera. ¿E de quen é a responsabilidade desta falta de actualización? ¿do Goberno do Estado? Non; ¿das deputacións? Tampouco; ¿dos concellos? Tampouco. É exactamente do Consello da Xunta; o Consello da Xunta é que ten que proceder á súa actualización, por proposta do conselleiro de Presidencia, que, efectivamente, durante moitos anos foi o señor Rueda e hoxe é o señor Calvo e que, en ambos os casos, incumpren bastante o deber de actualización.

Tampouco o cumprimento da lei no que atinxe a outros plans especiais é moito mellor. O Plan de riscos de temporais leva sen actualizarse dende 2002; o Plan de risco de nevaradas, o Nega, tamén leva pendente de actualización dende 2002; o Plan fronte a riscos sísmicos, de xaneiro de 2009, parece que, despois de moitos anos, si que está en proceso de actualización, algo que demandou o Parlamento de Galiza. Xa que logo, existe unha enorme falla de dilixencia e de responsabilidade na actualización dos plans, que é responsabilidade do Consello da Xunta.

Tamén existe un incumprimento xeneralizado na realización de simulacros que permita contrastar a adaptación dos plans aos riscos; tan evidente é o incumprimento na realización de simulacros que o propio Partido Popular pediu á Xunta que procedese ao cumprimento do artigo 34 da Lei de 2007.

Tampouco é mellor a previsión na xestión e na coordinación das emerxencias. Existe un evidente déficit de recursos e de medios que impide que zonas non vexan atendido un suceso nun tempo inferior a trinta ou a corenta minutos.

Está pendente a comarcalización dos parques municipais, respecto dos cales, nos orzamentos aprobados no día de hoxe, non existe previsión ningunha. Tamén está pendente a dotación ao incremento dos cadros de persoal dos consorcios, dos parques municipais ou dos parques comarcais, ou mesmo á ampliación da cobertura dos GES.

Para ir concluindo, no Bloque Nacionalista Galego seguimos demandando un sistema público cun mando único e con coordinación entre as diferentes administracións públicas; mando único, que corresponde de acordo coa Lei de 2007 á Xunta de Galiza, de xestión directa, recuperando a xestión pública directa das actividades actualmente externalizadas —vou rematando, señor presidente— e profesionalizado. Non é de recibo que un dos elementos esenciais do sistema, que é o 112, estea en mans dunhas persoas rexidas por un convenio de *call center*, que están desatendidas nas súas condicións laborais, na súa formación e na ausencia de medios, e que, logo, teñan a responsabilidade de determinar nun tempo inmediato —con absoluta inmediatez— o recurso que hai que destinar á emerxencia.

E concordamos —como dicía a voceira do Grupo Socialista—, na esencia, coa importancia de que a cidadanía coñeza que facer ante as distintas e posíbeis situacións de emerxencias, aínda que somos conscientes de que a pesar da planificación dos medios e dos recursos, esta non servirá absolutamente para nada se a persoa responsábel da xestión destes se vai durante horas a unha comida ou ben de cacería.



Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Señor Tabarés, que ben ía, pero, ao final, púidolle... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero mire, déixeme que fale primeiro do Partido Socialista de Galicia, porque eu creo que esta moción explica á perfección como o Partido Socialista de Galicia pasou de ser un partido que tiña certa relevancia na nosa comunidade, e que, ás veces, ata podía parecer que era unha alternancia e que tivo dous presidentes da Xunta de Galicia, a ser o que é agora: unha formación política en decadencia, con nove deputados nesta Cámara, e nada apunta a que esa situación poida mellorar. Son vostedes unha formación oportunista, que descoñece o que se está a facer na Administración galega, e que é absolutamente submisa a Ferraz.

Vostede pensou, señoría, que ante unha catástrofe tan terrible como a da dina, que arrasou Valencia e Castela-A Mancha, podía gañar algo aquí, pero non creo. Mire, a súa intervención, hai quince días, foi bochornosa. Vostede fixo insinuacións inmorais e falou con absoluto descoñecemento do que se está a facer na nosa Comunidade. E esta moción segue na mesma liña; unha moción de oito puntos, que basicamente xa se están a cumprir en Galicia, pero vostede é incapaz de recoñecer que se cumpren, e parece que, precisamente, con eses oito puntos, nega que se estean a desenvolver.

Pídenos actualizar a Lei de 2007, de emerxencias de Galicia, para adaptala aos novos medios tecnolóxicos. Permítame que lle diga que a tecnoloxía, se ben é verdade que evolucionou moito nos últimos anos, non foi descuberta onte, e leva sendo aplicada na atención das emerxencias desde hai moitos anos. Durante o goberno bipartito, no cal foi aprobada a lei, xa existían medios tecnolóxicos —eu entendo que, ao mellor, algunha señoría do Bloque Nacionalista ou do Partido Popular non se lembre do que pasou daquela, pero vostedes, señorías, xa eran entradiños en anos—. E daquela é verdade que non se facía mención expresa aos medios tecnolóxicos, pero iso non foi impedimento para que este Goberno e para que os gobernos incorporasen solucións tecnolóxicas á xestión das emerxencias. Incorporáronse a todas as etapas da protección civil, tanto na fase de anticipación e de prevención, é dicir, sistemas de alerta temperá, como modelos hidrolóxicos, simuladores de danos por movementos sísmicos, medios de información e alerta á poboación a través das redes sociais ou do sistema ES-Alert... —que é o que vostedes mencionaban—, para poñer só algúns exemplos, como tamén nas fases de planificación e de respostas, como poden ser as melloras tecnolóxicas no 112 ou o emprego de drons con cámaras térmicas.

Temos tamén, señorías, un programa anual de exercicios e de simulacros que xa existe. É que, ademais, é fundamental a realización dos exercicios e simulacros para garantir a plena



operatividade, tanto do Platerga como dos diferentes plans especiais de protección civil. Cada ano, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior establece un calendario anual que inclúe os exercicios específicos e os simulacros de accidentes, que poden supoñer a activación do Platerga, ou os simulacros de plans especiais asociados a riscos específicos, como poden ser inundacións, grandes incendios forestais ou accidentes graves en industrias da nosa comunidade.

Ademais, co obxectivo de facilitar e profesionalizar esas actividades, desde o 2000, a Dirección Xeral de Emerxencias publicou unha guía meteorolóxica para o desenvolvemento dos exercicios e simulacros; un documento guía que está dispoñible na web oficial da Xunta de Galicia e que inclúe cuestións como a definición dos tipos de exercicios e simulacros, os procedementos para ensinar os simulacros, a meteoroloxía para poder avaliar os resultados ou, despois, as recomendacións para optimizar a coordinación e a resposta operativa, que é o auténtico fin destes simulacros. Só neste ano se realizaron seis exercicios e simulacros de plans de protección civil autonómicos: catro deles no campo, con mobilización real de medios, e outros dous, que foron simulacións de despacho, para ver o Plan de emerxencia exterior, en Exolum, ou o Plan de protección civil fronte a incendios forestais, o Peifoga.

Pídenos tamén que levemos a cabo campañas informativas en zonas de risco de inundacións, que xa se están a facer. A protección e a concienciación da cidadanía ante os riscos de inundación son prioridades fundamentais para a Xunta de Galicia. E a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior traballa de forma coordinada cos organismos de cunca e, en particular, con Augas de Galicia para levar a cabo as accións formativas para que contribúan para mellorar a preparación e a seguridade da poboación.

Pídenos tamén elaborar protocolos dirixidos á cidadanía en xeral, que informen de como actuar ante as diferentes situacións de emerxencia que poidan existir, e publicar os mesmos; protocolos que xa están elaborados e que xa están publicados. A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e da Axega, traballa continuamente elaborando este tipo de protocolos e difundindo os protocolos e as recomendacións dirixidos á cidadanía para actuar segundo as situacións de emerxencia que se estean a producir. E, se non, pode consúltalo vostede na páxina web da Dirección Xeral como tamén da Axega, e aí atopará información clara e detallada sobre como actuar ante diferentes riscos específicos.

Pídenos tamén que actualicemos anualmente o Catálogo de medios e de recursos do Platerga e que se establezan criterios obxectivos de repartición entre os diferentes territorios. Mire, señoría, non só é que se actualice anualmente, senón que o Catálogo de medios e recursos do Platerga está continuamente actualizándose; e non só anualmente, senón cada vez que hai algún factor que, se modifica algún dos recursos —sobre o cal, ademais, informan os concellos, informan as deputacións, informan os GES, informan os consorcios...— ... vanse actualizando os recursos de que dispón o Platerga, precisamente para poder mobilizarse, ou para poder mobilizarnos, no caso de que haxa unha emerxencia. Este enfoque dinámico garante que os datos dispoñibles reflectan a situación real, incluíndo tanto os recursos humanos como os materiais dispoñibles en cada momento. Esta información actualizada permite tamén ao CIAE e ao 112 tomar decisións rápidas para informar dos medios necesarios en función do tipo de emerxencia de que se trate.



Mire, así con cada un dos puntos da súa emenda. ¿Sabem, señorías, o que si que vai axudar a tomar as decisións e a avanzar nas alertas temperás de fenómenos ligados ao cambio climático? E tamén, ¿saben o que nos vai permitir afondar no coñecemento dos mesmos, sensibilizar e capacitar a cidadanía e as administracións locais para responder de xeito axeitado a estas situacións? Pois miren, para iso o noso Servizo de Meteoroloxía está moi ben preparado e moi ben equipado, señorías.

MeteoGalicia está considerada como unha das axencias máis importantes e punteiras dentro do seu campo. É un servizo meteorolóxico propio, de Galicia, que está a empregar a intelixencia artificial, que está constituído por máis de cento sesenta estacións —case o triplo das que ten a Aemet, que só conta con cincuenta—, ademais de contar co radar meteorolóxico de Cuntis. MeteoGalicia tamén dispón dunha rede de detección de raios, de acceso ás imaxes do Meteosat e a un equipo de radiosondaxe, é dicir, de toda unha completa infraestrutura que lle permite obter información en situación real cada dez minutos, o que se traduce en 120 millóns de datos ao ano. O Servizo Meteorolóxico de Galicia colabora, ademais, con Sanidade no sistema de alerta temperá por episodios de calor; colabora tamén con Medio Rural para a prevención dos incendios forestais, a través do índice de risco diario de incendios —que o pasado verán pasou a incluír unha predición a tres días, en vez de tan só a un día, como se facía con anterioridade—; e, así mesmo, MeteoGalicia colabora xa con Augas de Galicia no sistema Merlín de predición de inundacións. Polo tanto, señores e señorías, as predicións e os avisos de MeteoGalicia e o resto de ferramentas de que dispón permítennos anticiparnos aos fenómenos meteorolóxicos adversos que afectan, ou que poden afectar, a saúde das persoas, como son as vagas de calor, as inundacións e os incendios.

Por iso, señorías, resulta lóxico, ou parece o máis apropiado, que Galicia teña as competencias para que os seus avisos meteorolóxicos teñan validez oficial. E, por iso —como xa anunciou o conselleiro e como xa anunciou tamén a conselleira de Medio Ambiente—, imos solicitar e reclamar ao Estado o traspaso das facultades en materia de meteoroloxía porque este servizo é esencial para a nosa cidadanía.

Agardamos —como xa dixo a conselleira— que o Estado o transfira porque, se non é así, tramitaremos unha lei propia de meteoroloxía. E vostedes, señorías, supoño que farán o mesmo que fixeron coa xestión do litoral... *[Inaudible.]*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e farán todo o posible para que nós non poidamos ter unha competencia da cal se vai beneficiar toda a cidadanía.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente.



Mire, señor Trenor, non sei canto lle quedará a vostede no Partido Popular, (*Murmurios.*) (*Risos.*) pero voulle dicir unha cousa: cando vostede pertenza a un partido con 145 anos de historia, coma nós ou coma o meu partido, que abandeirou neste país todos os avances en dereitos durante esta democracia (sanidade, educación, dereito a contraer matrimonio libremente e moitos máis que non me dá tempo a nomear), cando vostede pertenza a un partido así, falamos, ¡eh!, falamos de dignidade despois. (*Aplausos.*)

E di vostede: decadencia do Partido Socialista, tendo como presidente do seu partido o señor Feijóo, que está nunha caída libre cara á ultradereita, facendo un ridículo en Europa do máis espantoso, como fixo hai dúas semanas, cun presidente da Comunidade Valenciana como Mazón, que hoxe a Fiscalía anuncia que vai investigalo por un delito pola súa incompetencia na xestión da dina de Valencia. ¡E fala vostede de decadencia! ¡Que pouca vergoña ten vostede, señor Trenor! (*Aplausos.*)

Revise vostede a súa intervención na mediateca, porque creo que non lle deu tempo —e mire que teñen vostedes persoal para traballar— a pasarlle ben a información, e verá o ridículo da súa intervención, o ridículo por exemplo de como dicir que Meteogalicia é unha axencia, cando non é, é un convenio de colaboración; creo que iso é o mínimo que lle deberían pasar e debería saber.

Polo tanto, como dixen que ía ter espírito de Nadal, espírito construtivo, e a vontade desta iniciativa pois era poder acadar consensos para mellorar a seguridade e as emerxencias no noso territorio, poder dar unha resposta axeitada para o caso de que suceda unha grande catástrofe, pois vou seguir por aí, vou seguir dicíndolle que deixen de botar balóns fóra, a responsabilidade cara a outras administracións como os concellos, porque, aínda que lles vai no ADN, teñen vostedes que facer un esforzo e cumprir esa Lei de emerxencias, que di que a competencia é da Xunta de Galicia, da coordinación e da dirección da protección civil e dos servizos que teñen que prestar de forma unitaria para todo o territorio galego, tamén da xestión de emerxencias, cando superen os medios de resposta de cada unha das entidades locais.

E tamén creo que é imprescindible, como dicía tamén o voceiro do BNG, esa capacitación, esa profesionalización das persoas que traballan nas emerxencias, porque unha persoa, para dar unha boa resposta, ten que ter unha cualificación profesional, e agora moitos destes servizos non a están a ter.

Rematen con esa dinámica de asfixiar os concellos, e non só estamos falando de emerxencias, senón tamén do SAD, do socorrismo e de moitas outras cousas.

En definitiva, traemos hoxe aquí propostas que contribuirán a acadar un sistema de emerxencias eficiente e axeitado, que os socialistas entendemos prioritario para salvar vidas e mitigar os efectos de situacións críticas.

Polo que vimos en Valencia, a rapidez e a efectividade na resposta destes servizos poden marcar a gran diferenza entre a vida e a morte, e isto pasa por contar con recursos axeitados, persoal capacitado e estar preparados, preparados mediante plans de continxencia, proto-



colos de actuación e campañas de concienciación, ou a coordinación entre administracións, que permite que os recursos dispoñibles sexan utilizados de maneira máis eficiente.

Señorías, os galegos e galegas deben sentir que as institucións encargadas da súa seguridade e protección están preparadas para facer fronte a calquera crise que poida acontecer.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das mocións, procedemos á votación. Pechen as portas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa D^a Rosana Pérez Fernández, sobre a preservación da calidade das augas das rías galegas e a atención ao control das verteduras.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Paloma Castro.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Paloma Castro Rey, sobre a adaptación do sistema de emerxencias da Comunidade á resposta que requiren os fenómenos meteorolóxicos extremos derivados do cambio climático.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións, e continuamos coa orde do día; pasamos xa ao punto 4º.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, sobre as medidas que o Goberno galego debe adoptar en 2025 verbo do bono social eléctrico e do bono social térmico

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Hoxe traemos aquí unha proposta na que queriamos instar a Xunta neste ano no que estamos —e que realmente falta pouco, así que non vai ser posible, pero si para o ano 2025— a que fixeran unha achega, unha contía idéntica á que se fixo polo Estado para o bono social eléctrico, así como recuperar o complemento que ten que ver co bono social térmico, co fin de que familias galegas que se atopan en carencia material severa poidan ver paliada a situación e se execute inmediatamente, e sobre todo se execute en tempo e forma.

Porque hoxe en que estamos, ben, xa terminou pero ata hai uns días estabamos en plena onda de frío, que seguro que deixou tremendo a montóns de familias coa friaxe que foi, eu creo que ás portas que estamos deste inverno, que non presaxia tampouco que vai ser un inverno doce en Galicia, senón que este cambio climático nos está ofrecendo momentos de moitísima friaxe, eu creo que desde a Xunta de Galicia, desde o Goberno da Xunta de Galicia, deberían contemplar o que é realmente o mapa da pobreza en Galicia. E tamén que escoiten —e non o digo cun sentido de... — o terceiro sector, escoiten aquelas persoas que traballan directamente co mapa da pobreza en Galicia, e que son asociacións que nos falan de que fan falta as achegas destas contías que estaban sendo postas enriba da mesa polo Estado, e as que facía dun xeito paralelo a Xunta de Galicia, especialmente para familias en risco de exclusión e de carencia material severa.

Porque o mapa de Galicia é o seguinte. Primeiro, a taxa AROPE, que con respecto a Galicia aumentou 1,8 fronte a 1,2 en que o fai en España; é dicir, desgraciadamente a nosa situación empeora relativamente. Despois, que un de cada catro galegos está en risco de exclusión; é dicir, os nosos veciños, un de cada catro que temos ao redor están en risco de exclusión.

E, ademais, hai unha brecha, hai unha fenda de xénero que atinxe directamente ás mulleres, que de forma desgraciada van á cabeza desta listaxe, co cal 636.000 galegos e galegas están en risco de exclusión, están abocados a non voltar á normalidade das súas vidas.

A taxa de pobreza pasa do 18 por cento do 2023 ao 19,4 por cento do último informe presentado polas asociacións do terceiro sector que traballan no eido da pobreza, e revela que case 230.000 persoas en Galicia padecen algún tipo de privación material ou severa. De feito, apuntan a que 122.000 persoas non están por debaixo do umbral da pobreza, é dicir, non



están en risco, pero si padecen estas carencias, e, polo tanto, son vulnerables e a súa situación non pinta ben para o futuro.

E o que é terrible, desde o noso punto de vista, en pleno —volto insistir— século XXI, é que un de cada catro veciños e veciñas están en risco de exclusión. E eu quixera facer fincapé nisto, porque entendo que esta decisión foi tomada, con aquiescencia de Política Social, pola Consellería de Economía, ou quen resolve a cuestión dos cartos na Xunta de Galicia. E é que isto é facer país, e facer país é facer as medidas urxentes, as medidas a curto, as medidas a longo e as medidas a medio prazo, pero sobre todo atender cando hai unha desestruturación e un mal endémico dentro da sociedade.

Non é unha cuestión de que hai que atender aos colectivos, non, non se trata diso. Trátase de que precisamente este colectivo nos está dicindo como unha parte da sociedade está desintegrándose, e que precisan que alguén teña un sostén sobre isto que está a acontecer.

E ten matices; cando un afronta unha política económica ten que facelo con matices. O incremento da pobreza e da privación material severa debe ser considerado cando desde un gabinete técnico se interprete a economía dun país. A pobreza é unha ameaza que pode converterse nunha anomalía estrutural, e desde o Goberno da Xunta non contemplan este feito como algo que teña que ser tido en conta como unha anomalía estrutural.

Non foi suficiente o crecemento económico dos últimos anos, que ninguén o vai negar, pero non foi suficiente, e mesmo a baixada do paro, que tampouco se vai negar, xa que a pobreza atinxe de xeito pouco homoxéneo a sociedade, e mesmo hoxe en día, tendo un traballo, un pode ser pobre. E é máis, nos xoves hai unha incidencia maior, e nas mulleres como segmento aínda máis, sobre todo nas familias monomarentais, como xa se ten dito hoxe nesta Cámara en varias ocasións.

E outros datos que entendo que deberían importarlle a quen toma este tipo de decisións é, polo que dicía, ese crecemento non homoxéneo do país. Primeiro, o risco de pobreza e de exclusión infantil e xuvenil crece, tendo as taxas máis elevadas por grupo de idade. A taxa de pobreza nos fogares con nenos —e isto é importantísimo— sitúase no 27,1 por cento, 2,7 por cento máis nos fogares que non teñen nenos; é dicir, non ter fillos vains quitar ou vai blindar a poboación de caer nese risco, co cal non estamos favorecendo aquilo do que tanto se fala e tanto parece que temos que apoiar, como é o impulso demográfico neste país. ¿Como imos apoiar ese impulso demográfico se estamos restando oportunidades a que familias que están nese borde, nesa fronteira que divide entre o poder seguir vivindo con normalidade ou caer na pobreza, non teñan esa axuda?

E, por outra parte, como dicíamos, o incremento da pobreza nos fogares monomarentais aumentou 3,5 puntos respecto do 2022, o que supón que máis da metade, o 52,7 por cento, estean nesta situación.

Entendo que é unha evidencia que hai moitos xeitos de entender a vulnerabilidade das familias. Isto púxose de manifesto na última crise económica. Mentres desde o Goberno central se prorrogaban axudas ao transporte, por exemplo, desde a Xunta retirábanse aquelas.



Mesmo hai agora poucos meses, no mes de xullo, como consideraban que as facturas da luz tiñan a baixada do prezo da mesma, é dicir, consideraban que o prezo da enerxía tiña acadado un menor custo, e polo tanto non facía falta este tipo de cuestións; entón, daban por finalizadas estas axudas.

E é máis, decidiron rescindir o bono social térmico, e, se non fose tan cruel, ata sería irónico; rescindírono, e resulta que cando rescinden levan un atraso de tres meses en facer o abono a aqueles beneficiarios. É dicir, acabaron o bono e, ao mesmo tempo, aqueles beneficiarios que tiveron a mala ou boa fortuna, segundo se mire, de ser beneficiarios do mesmo, non o cobraron. Cando isto supón un ingreso puntual de 150 euros, pode estar administrativamente vencellado ao bono eléctrico; é dicir, o custo administrativo, o traballo administrativo é moi pequeno, pois non foron capaces de dar esa resposta entendo inmediata, abóase directamente na conta ademais do beneficiario, e non foron capaces de dar esa resposta inmediata.

E nós preguntámonos, pero con total honestidade, se nos debatemos entre as políticas neoliberais de Milton Friedman e a caridade, porque parece que é o que fan. É dicir, nós imos apoiar entidades do terceiro sector, pero este tipo de medidas que teñen máis que ver —insisto— cun capitalismo severo, e isto si que é severo, as imos retirar, e imos deixar máis de 80.000 familias sen percibir este tipo de axudas, que o que fan é frear, non curan pero frean —insisto— esa liña moi fina que separa o índice de pobreza dunha vida normalizada.

E, ademais, fixérono cando, no terceiro trimestre, cando en setembro do 2024, é dicir, despois de retirar ese bono, vostedes teñen sen executar partidas como protección e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero; en setembro levaban soamente o 32 por cento executado desas partidas. Servizos sociais comunitarios, simplemente o 44 por cento da partida. Accións para a igualdade de protección e promoción da muller, 44 por cento da partida. Servizos sociais relativos ás migracións, 36 por cento sen executar. Dirección e Servizos Xerais de Promoción Social, 42 por cento sen executar.

É inexplicable.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Agora mesmo.

É inexplicable. É dicir, non son capaces de executar unha serie de partidas, e esta, que tiña unha fácil resolución administrativamente, e, por suposto, unha acadísima necesidade en máis de 80.000 familias, borraróna do mapa.

E insisto: eu moitas veces non sei se nos debatemos entre esas propostas maravillosas que fixo Milton Friedman ou a caridade que a vostedes tanto lles gusta nalgún sentido practicar. Pero, en calquera caso, neste momento hai 80.000 familias esperando para que decidan cal é a súa postura.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)



A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Mixto, señor Ojea, que renuncia ao seu turno de palabra.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Xosé Manuel Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Grazas, presidenta.

Boa tarde, señorías.

A señora Longueira explicouno moi ben. Eu voulle poñer nome, e quero presentarlles a Pilar. Pilar é unha rapaza de Ferrol, ten un neno de 6 anos, monoparental, e traballa nun supermercado no veciño concello de Fene. Os gastos de Pilar mes tras mes son bastante recorrentes e bastante previsibles. A metade do salario vaixe en pagar o alugueiro; o vehículo que Pilar ten que ter para poder acudir ao seu posto de traballo, que non é o último modelo, entre seguro, mantementos, avarías e combustible, 200 euros; e logo hai que vestirse e hai que comer. Pilar renuncia ao ocio, renuncia a ter vida social; e non é unha renuncia voluntaria, é unha renuncia obrigada, forzada, porque hai que priorizar gastos; é unha persoa consciente do que ten que facer. Conta con bono social, e isto permítelle pois ter un desconto dun 25 por cento na factura da luz, iso si, topeado a 4.000 quilovatios/hora ao ano. E Pilar ten bono social, porque ten dúas veces o IPREM (o indicador público de rendas de efectos múltiples). O ano pasado Pilar recibiu unha achega do Estado central para o bono social térmico complementada cos 150 euros da Xunta, que lle permitiron sumar 300 euros para pagar a calefacción durante o inverno.

Agora estamos no inverno do 2024 e Pilar repasa con tristura un titular da Consellería de Industria de hai pouco máis de ano e medio, concretamente do 27 de abril do ano 2023, que dicía, literalmente: «O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou o visto e prace dado hoxe polo Consello da Xunta ao pagamento do bono social térmico, do complemento autonómico de 150 euros, que axudará a 74.400 fogares galegos, 44.000 deles considerados vulnerables severos, ao pagamento das facturas da enerxía para calefacción, cociña e auga quente. Deste xeito, o Executivo autonómico destina 11,2 millóns de euros a este complemento.»

A tristura con que Pilar le este texto obedece a que constata que este ano apenas recibe 128 euros do Estado central e o complemento autonómico do Goberno galego nin está nin se espera.

O caso de Pilar non é un caso único, por desgraza. Enfronte dela vive un matrimonio de xubilados, con pensión mínima cada un deles, que está exactamente na mesma situación. Pilar, os seus veciños non son unha prioridade para o Goberno galego. Por iso a Xunta non artella ese complemento, xustificando isto en que os prezos da enerxía agora son baixos.

Cando o señor Rueda fixo estas declaracións, cando saíu esta nota de prensa da Consellería de Industria, aló polo ano 2023, o prezo medio do mercado maiorista da electricidade situá-



base en 87,43 euros megavatio/hora. Estamos no mes de novembro, situámonos no mes de novembro, que é o último dato que temos consolidado do mercado, mes no que tradicionalmente se arrancan as calefaccións polas condicións climáticas, ¿e saben vostedes cal é ese mesmo prezo? 104,43 euros megavatio/hora; 17 euros máis por megavatio. É un pequeno incremento.

Todo apunta a que imos ter un dos invernos máis caros da historia do mercado eléctrico na Península, pero o Partido Popular e o Goberno da Xunta non son capaces de velo. Vailles pasar algo parecido ao que lle pasou ao seu colega presidente da Comunidade Valenciana, onde a dina o pillou comendo. A vostedes non sei se os vai pillar nun restaurante, o que sei é que os vai pillar sumidos nesa arrogancia coa que visten a súa maioría absolutista.

E non nos enfrontamos cun problema circunstancial, como era no ano 2022 e no ano 2023, onde viñamos derivados dunha crise de materias, provocada pola covid-19, e tamén da guerra de Ucraína. Agora estamos diante dun problema estrutural, que vai máis aló dos prezos da enerxía.

Eu intentaba escenificalo coa historia de Pilar e do seu fillo, tamén cos seus veciños, porque estamos diante dun caldo de cultivo perfecto que está creando unha nova clase social, que son os pobres con ingresos.

Incremento de prezos do alugueiro, incremento da cesta da compra, incremento de combustibles, falta de transporte público adaptado ás necesidades reais, e, ¡como non!, prezos da enerxía, especialmente a electricidade, pero non só da electricidade, senón tamén do gas, que por certo hoxe mesmo sae unha nota de prensa do operador do mercado ibérico do gas en que se di que para o primeiro trimestre do ano que vén se espera un incremento dun 13 por cento. Seguimos abundando nesta crise para as familias galegas.

Todas estas facturas inciden directamente en que cada día máis e máis familias do país, igual que Pilar, igual que Carme, non poidan acender a calefacción no inverno. E, se collemos os datos do bono social, temos unha fotografía con moita máis claridade.

No ano 2023, arrancam os datos en xaneiro con 84.365 familias con bono social eléctrico. Os últimos datos que temos, que son do mes de outubro deste ano, arrojan a cifra de 95.542 familias. Isto son 11.177 familias máis galegas que teñen bono social, son 11.177 familias galegas que están no umbral da pobreza, un incremento de máis do 12 por cento en menos de dous anos. ¿E saben que colectivo de protección do bono social foi o que máis se incrementou? Precisamente os de criterios de renda, os primeiros que quedan sen o complemento autonómico do bono social térmico.

Parece que nada disto lle importa á Xunta e ao Partido Popular. É máis importante pois andar conseguindo 250 millóns de euros para Altri que 12 millóns de euros para o complemento do bono térmico. *(Aplausos.)*

Señorías do Partido Socialista, ímoslles votar a favor desta iniciativa súa, pero permítanme que lles faga unha pequena observación, con toda a cautela do mundo. Fai un pouco máis de



dúas horas que se acaban de aprobar os orzamentos da Xunta de 2025. Eu, por máis que repasei os textos, non vin ningunha emenda súa que tratara de paliar este defecto do bono social térmico. Ao contrario, e digo que non a vin, non quere dicir que non estea, eu non fun capaz de atopala.

Nós si que presentamos a emenda número 178, onde dotabamos con 12 millóns de euros para o complemento autonómico do bono social, para garantir que nin Pilar nin ningunha outra familia galega pase frío este inverno.

E agora vaille tocar o turno ao portavoz do Partido Popular, que virá aquí e terá que explicarnos a súa oposición, que non vai ser nada cómodo, non vai ser nada cómodo despois de que hai apenas dous meses a conselleira de Industria, a unha pregunta do Bloque Nacionalista Galego de por que se retiraba este bono e por que non se artellaban novas medidas, en vez de dar respostas concretas, atacou, facendo un remexido de cifras, entre a achega que fai a Xunta para pagar as facturas dos consumidores vulnerables en risco de exclusión social e a achega que aínda manteñen do bono social térmico, dicíndonos que nós de cifras non sabemos. É dicir, remexidos aos que xa estamos acostumados, pois como o que acaba de facer a señora Prado hai uns minutos dicindo que como Finsa ten un proxecto de investigación co *nitens* iso xa é produción industrial. Ou sexa, metemos todo nunha cesta, axitamos e que saia o que queira.

O que si me gustaría deixarlle aquí arriba ao portavoz do Partido Popular é que me responda a dúas preguntas: ¿por que non forma parte das prioridades da Xunta a protección social dos consumidores vulnerables? E a segunda, quizais máis importante: ¿como se concibe que nun país excedentario de enerxía eléctrica haxa familias que non poidan acender a calefacción no inverno? (*Aplausos.*) ¿Como pode ser iso?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Lorenzo.

O señor LORENZO GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Señor Golpe, eu estaría encantado de respostarlle se fose membro do Goberno, pero eu invíto a que esas preguntas que lle fai ao Grupo Parlamentario Popular pódellas facer perfectamente a calquera membro do Goberno, ou mesmo tamén á conselleira, que xa estivo aquí respostando ademais a esta cuestión que vostedes traen aquí agora.

Pero, logo de escoitar as súas intervencións, xórdeme a dúbida, e non sei se vostedes o que teñen é un lío conceptual cos bonos, ou —o que moito me temo— é que actúan, unha vez máis, con mala fe. Confésolles que persoalmente eu preferiría que fose por descoñecemento, e non é nada con ningún tipo de acritude cara a vostedes, pero logo de que xa fose abordado e aclarado este tema, tanto na Comisión 6ª por parte do director xeral de Planificación Enerxética e Minas como por parte da propia conselleira, como vostede acaba de dicir aquí, en



pleno, e vista a insistencia pola súa parte, eu entendo que vostedes o que están amosando hoxe, unha vez máis, é mala fe.

Porque vostedes tratan, unha vez máis, de terxiversar e enganar a sociedade galega para tapar as súas vergoñas, señora Longueira. Téñolle que agradecer moito o ton co que hoxe interveu aquí, pero non por ter un ton máis baixo se ten máis ou menos razón.

Dicía que vostedes pretenden tapar as súas vergoñas, que son cada vez menos presuntas e que nos chegan dende Madrid con cada ventaniña desa sorte de calendario de advento que nos está a brindar o socialsanchismo nas distintas sedes xudiciais.

Señora Castro, poden estar ben orgullosos de ser do Partido Socialista. Para a historia quedan esas imaxes do seu congreso en Sevilla aplaudindo esa corrupción casposa. (*Aplausos.*) Por certo, corrupción e novas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) corrupción e novas que unha e outra vez estamos a ver nos diarios ás que o Bloque aínda non dixo nin mu sobre este asunto, e mira que está de actualidade.

Pero quérolles aclarar o concepto, porque eu dou por feito que actúan de mala fe, pero ao mellor hai quen non o ten claro. Por unha banda, está o bono social eléctrico, que é o desconto directo na factura de electricidade, unha axuda estatal, e, por outro lado, está o bono social térmico, que tamén é unha axuda estatal destinada a paliar a pobreza enerxética, cuxa xestión se encomendou ás comunidades autónomas.

Cousa distinta son os complementos autonómicos a estes bonos sociais, que, lonxe do que intentan facer ver, non se suprimen, señorías. Non se suprime nin o bono social eléctrico nin se suprime o bono social térmico. Eu podo dicirlllo máis alto pero non llo podo dicir máis claro.

Entendo que para vostedes é imposible fuxir desa demagogia, pero cómpre poñernos en contexto. No momento en que, con carácter extraordinario, se puxo en marcha este complemento autonómico, o mercado eléctrico tiña un prezo medio de 283 euros. ¿Sabem a canto estaba no mes de abril deste ano o prezo medio da electricidade? 13,6 euros, señorías. E agora acaba de apuntar aquí, señor Golpe, vostede: 104 euros no mes de novembro, bastante lonxe deses 283 que provocaron ese complemento autonómico que fixo a Xunta de Galicia para axudar os máis vulnerables. Porque si, sempre estaremos ao carón dos máis vulnerables, cando así o precisen. (*Aplausos.*)

Mire, falaba vostede da factura de Pilar. A factura de Pilar no ano 2022 —dunha factura media estamos a falar— serían 105,48, e no ano 2023 esa mesma factura serían 60,34. Creo que a diferenza é evidente con respecto a hai dous anos, nada máis e nada menos que 500 euros menos anuais.

E no que respecta ao gas, cando se estableceu o complemento autonómico extraordinario, o mercado experimentou tamén unha subida do 45 por cento. Cando as familias máis o precisaron, a Xunta de Galicia respondeu complementando os bonos sociais para protexer, como sempre, os máis vulnerables. 55.600 familias beneficiáronse deste bono en Galicia, máis de 15 millóns de euros de investimento dende que se estableceu.



Vostedes aquí veñen autoerixirse como os defensores dos máis vulnerables, pero ¿saben vostedes quen estableceu a figura neste país do consumidor do consumidor vulnerable? Dígollo eu: un Goberno central do Partido Popular, unha lei proposta no ano 2017 polo Partido Popular. ¿E saben vostedes o que votaron? Votaron en contra, señorías. Así que leccións, cero.

O Estado tamén está a diminuír o bono social. Pero vostedes aquí calan e non din absolutamente nada. Pero para vostedes, os grupos da oposición, as familias vulnerables galegas, a educación, a sanidade e o medio ambiente, só lles interesan para facer demagogia e para desacreditar e desgastar o Goberno do Partido Popular na Xunta. Unha estratexia, clara, que teñen vostedes de poñer o foco na Xunta de Galicia para tapar a falta de xestión do seu Goberno central, un Goberno tan progresista que pretende, con ese grupo de opinión sincronizada, facernos crer que dá igual ter orzamentos que non telos. E iso, a falta de orzamentos, señora Longueira, tamén afecta seriamente os máis vulnerables. Pero vostedes sigan así.

Miren, ¿saben vostedes cantas comunidades teñen agora mesmo activo o complemento ao bono social eléctrico? Unha. ¿Dígolles eu cal? Galicia, a única comunidade autónoma que mantén o complemento, investindo 2,5 millóns de fondos propios e beneficiando neste ano 2024 12.147 persoas. *(Aplausos.)*

Señorías, o Goberno, o Goberno de Alfonso Rueda segue a traballar por e para Galicia. Esta mesma mañá aprobouse o maior orzamento da historia de Galicia, iso si, en solitario. Menos mal que está o Partido Popular para gobernar.

E téñolle que dar a razón: eu tampouco atopei ningunha emenda do Partido Socialista con respecto ao complemento do bono social. Si que é certo que por parte do Bloque Nacionalista Galego esa emenda 178 se presentou.

Mire, eu o que lles pediría é que non mintan e que non terxiversen, porque esta mesma mañá aquí, neste atril, a señora Pontón, unha vez máis, volveu repetir que a Xunta suprimiu o complemento do bono eléctrico, e a señora Pontón, unha vez máis, neste atril, en sede parlamentaria, mentiu outra vez. E xa llo dixera nunha pregunta ao presidente nun pleno hai unhas semanas. Pero, se tanto lles preocupa baixar o prezo da luz, vostedes tiñan que ter aprobado a Lei de recursos, que vostedes, tamén unha vez máis, votaron en contra.

Xa llelo dixen máis veces — e xa remato, presidenta —: mentres o PP de Galicia estea no Goberno, Galicia seguirá funcionando, con ou sen vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Turno de peche para a autora da proposición, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Grazas.



Señor Lorenzo, baixar o ton ou subir o ton. Eu algunha vez tratei aquí de telo máis baixo, no sentido de que non vaíamos falar de cousas que non se deban de falar aquí, pero incluso unha das últimas veces recordo que trouxen aquí un tema sobre a ELA e recordo que a señora Amigo —con perdón que a mencione aquí, pero non é por nada— baixou cunha soflama que pouco máis que nos quería asasinar, cando aquela moción ou aquela proposición, simplemente, o que quería era chamar a atención sobre o tema e dicirlles que, efectivamente, vostedes teño feito varias cuestións sobre a ELA, e parabéns por iso, pero que nós queríamos asentalas.

Entón, claro, é curioso: cando un vén aquí falar do que toca facer aquí, é baixar o ton. Eu podía falar de Marcial Dorado, de Núñez Feijóo. Podíamos falar de que vostedes teñen persoas, dentro do partido, que realmente están cumprindo as súas penas coa Xustiza, cando nós nin sequera temos iso; hai xente que está imputada, e xa se verá. Pero ese acoso e derribo, ese non ter aquí... A nós págannos por falar de cousas que pasan aquí. Eu na miña vida escoitei falar tanto de Pedro Sánchez como cando veño aquí. Entón, podo subir o ton e baixar o ton, dentro da educación que me deron, evidentemente. Pero aquí vimos falar do que temos que falar ou do que temos que facer. ¿Que pasa? Que, polas súas estratexias nacionais, supranacionais ou europeas, vostedes están abocados a seguir un señor e unha señora en Madrid, e así imos levando a vida, falando de cousas que non lle interesan para nada á xente que está aí fóra.

E, efectivamente, vostedes gañaron, volto outra vez premialos e parabenizalos por iso, pero non se durman sempre en que gañaron e que están aquí. Moita xente gana os gobernos e goberna producindo unhas desigualdades como as que se están producindo agora en Galicia. (*Aplausos.*) E é así. Entón, ¿governan? Claro que gobernan; ¡por Deus!, xa llelo dixemos varias veces, e o noso secretario xeral, José Ramón Gómez Besteiro, xa os parabenizou. A partir de aí actúen. Nós non gobernamos, é unha lástima, pero non o facemos.

Por certo, está recollido nas nosas emendas, compañeiros do BNG e compañeiros do Partido Popular, está recollido na totalidade das transversais, e niso colocamos (*Aplausos.*) 6 millóns de euros máis que o xa recollido para este ano 2024. Claro que o recollemos, é o noso modelo de país, pero basicamente non porque sexamos os salvadores nin os defensores, senón porque o país se desestrutura; se un non pon a barreira no avance da pobreza, desestrutúrase; é unha cuestión macroeconómica.

Non é unha cuestión xa de veciños e de poñernos na pel do terceiro sector e na pel daqueles que padecen a pobreza, que tamén. É que queremos un país que avance de xeito homoxéneo. Igual que hai que gobernar de xeito homoxéneo. Ninguén, nin un concello, nin unha autonomía, nin un país se pode gobernar para un lado ou para outro. Hai que gobernar en diferentes direccións e, por suposto, en diferentes velocidades.

Por certo, débenos de ir moi ben, pero non sei por que nos quitan os cartos do bono térmico. Débenos de ir moi ben, porque rexeitaron 22 millóns para escolas infantís. Claro, ¿como imos construír escolas infantís e como imos ir ao gasto público cando podemos facelo mellor no privado? ¿Como imos asumir que imos ter edificacións e persoal público cando podemos facelo no privado?



Entón, ademais, o que acabo de dicir na anterior cuestión. Teñen máis do 40 por cento do orzamento en setembro de 2024 sen executar en diversas partidas e non son capaces de seguir cun bono que ao final son 11,2 millóns, pero que palían —insisto— esa fenda, que é moi fácil que se faga crónica e que sexa un mal estrutural.

¿Galicia é a única comunidade que ten o bono eléctrico? Non me estraña, foi a que subiu nos índices de pobreza. É que, polo demais, ¿é unha cuestión de que vostedes o fan ben? Ben, fan o que teñen que facer, pero hai que facer máis. Porque xa se falou aquí dun caso persoal.

A min gústame máis falar dos datos de país, no sentido de que hai que avanzar, e hai que arrimar, para que haxa unha importante cantidade de persoas que non caian do outro lado, porque, unha vez que se cae, é moi difícil saír. Tardamos moitos anos en construír o ben e podemos caer en dous minutos no lado do mal.

Entón —volto insistir—, podemos subir o ton ou baixar o ton, pero o que queremos de verdade é este tipo de medidas que nos axudan a ser máis fortes e que nos axudan a recuperar o noso produto interior bruto, as nosas ganas de vivir, a nosa normalidade, e sobre todo po-boación.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Longueira.

A señora LONGUEIRA CASTRO: Agora mesmo.

Nos datos que lles daba antes, falaba de como ademais esa pobreza nos fogares con nenos é maior que nos fogares sen nenos. Ben, estamos ante datos que nos falan de arrimar o ombro nunha cuestión de país. Simplemente iso.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*


A señora PRESIDENTA (Candia López): Mire, un momentíño, por favor. A ver se chegamos... Voulle facer unha proposta, a ver se non lle parece mal. Dixo vostede, cando estaba aí puntualizando de se o ton era alto ou baixo, que unha deputada chegara aquí como se vos quixera asasinar. ¿Impórtalle que retiremos iso, non? *(A señora Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Si... *(A señora Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Home!, asasinar... *(A señora Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois agradézollo. *(A señora Longueira Castro pronuncia palabras que non se perciben.)* Vale, moitas grazas. Agradézolle moito o cambio de concepto. *(Aplausos.)*

Pois, rematada a intervención e reiterando o agradecemento, suspendemos a sesión, que será reanudada mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás seis e quince minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

